Así sendo, a evidencia (E29) e o indicador (I12) sobre inserción laboral de cada título de grao e mestrado deberán ser achegados por cada universidade para sustentar as reflexións e valoracións incluídas no Autoinforme de Avaliación (AI) de seguimento ou de renovación da acreditación, segundo proceda, do título.

O apartado 5 do Guía de Seguimento e Acreditación de títulos de Grao e Mestrado define pormenorizadamente a secuencia de actividades nos procesos de seguimento e de renovación da acreditación dos títulos na que a elaboración e aprobación anual, por parte de cada universidade, dun Autoinforme de Avaliación (AI) de cada un dos títulos de grao e mestrado. O Anexo I[6] do referido Guía establece o formato de dito AI, debendo incluír a información da evidencia E29 e do indicador I12, ben como facer parte da información mínima relevante a publicar do título (Anexo II).

Os anexos V y VI do Guía definen os Modelos de avaliación do seguimento (Anexo V) e de renovación da acreditación (Anexo VI) de títulos oficiais de grao e mestrado, establecendo que ditos documentos, segundo proceda, deben abordar o subcriterio 7.3, a evidencia E29 e o indicador I12, debendo tamén estar incluídos os correspondentes Modelos de avaliación da información pública.

Máis especificamente, o Guía establece que "para a avaliación da información pública será revisada a páxina web da universidade/centro/título comprobando que se encontra información sobre os seguintes ítens. Así mesmo, débese ter en conta que, no caso dun título interuniversitario/intercentros, debe ser revisada a información publicada en cada un dos centros/universidades participantes". Así sendo, os resultados do título incluirán a inserción laboral, debendo valorarse se dita información é pública, concorda coa memoria vixente e é de fácil acceso.

En conclusión, para a mellora e revisión do plano de estudos, cada universidade deberá describir os métodos dispoñibles para a recollida de información de inserción laboral, definir a frecuencia e o modo de recompilación e a utilización dos resultados de inserción laboral (indicador I12) e da elaboración do informe/documento que recolla a análise dos resultados do título[7] (evidencia E29).

[6] Autoinforme de seguimento/renovación da acreditación
[7] Incluídos os indicadores de inserción laboral e SIIU.

2. Colaboración coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade

A partir da entrada en vigor do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD) a 25/5/2018 é preciso un consentimento explícito previo dos antigos estudantes para poder enviarlles enquisas sobre inserción laboral.

Por ese motivo e para dar continuidade ao seguimento da inserción laboral das novas promocións incorporadas ao mercado de traballo, en decembro de 2018 o Observatorio solicitou ao Equipo de Goberno da UVigo que implantase, no momento en que os recén titulados solicitasen o título, un documento de consentimento para formar parte da Base de Datos do Observatorio. En consecuencia, a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade[8] implementou un Documento de Consentimento Explícito destinado aos recén titulados para que, no momento de solicitar o título académico, cedesen os seus datos de contacto tanto de forma presencial como telemática. A 12 de xullo de 2023 a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade remitía ao Observatorio o listado de 1589 antigos estudantes da promoción 2021/2022 que deran o seu consentimento a formar parte da nosa Base de Datos.

A disposición de información actualizada sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo permitirá que a institución poda dar resposta aos requirimentos sobre empregabilidade das diferentes clasificacións universitarias nacionais e internacionais, quer a nivel global, quer por tipoloxía de estudos, quer por titulacións.

[8] Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria no período 2018-22.

Obxectivos

A seguir son definidos o obxectivo principal e específicos deste estudo elaborado polo Observatorio de Persoas Tituladas coa colaboración do Consello Social da UVigo a partir da análise dos resultados da enquisa autoaplicada sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao no curso académico 2021/2022.

1. Obxectivo principal

O obxectivo principal deste estudo consiste na obtención de información actualizada, fiábel e útil sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao na promoción 2021/2022 e coñecer as condicións laborais no traballo actual. Alén diso, tamén se inquiriu pola situación socio-laboral aos doce meses de finalizar os estudos na UVigo.

2. Obxectivos específicos

- Analizar os resultados obtidos na enquisa sobre o perfil persoal e académico, situación socio-laboral en función das seguintes variábeis de segmentación:
  - Sexo
  - Idade
  - Lugar de residencia
  - Ramas de coñecemento
  - Estudos de grao

- Determinar as condicións laborais no traballo actual atendendo ás seguintes variábeis de segmentación:
  - Lugar do traballo: Galicia, outra comunidade autónoma e resto do mundo
  - Rama de actividade: empresa privada, ámbito público e entidades sen ánimo de lucro
  - Sector económico: actividades físico/deportivas, actividades inmobiliarias, actividades profesionais (avogacía, tradutor/a, artista...), aeroespacial, alimentación/industria alimentar, automoción; banca, servizos financeiros e seguros, comercio[9], construción, consultoría, cultura e entretemento, defensa e seguranza, enerxía e utilities, ensino/docencia, enxeñaría, farmacéutico; industria química, plástico, vidro e envases, investigación/actividades científicas; loxística, transporte e distribución, madeira, medios de comunicación/audiovisuais,

[9] Inclúe comercio grosista e retallista.

metalurxia e eléctrico, minaría; papel, gráficas, edición e reprodución, sanitario/saúde, sector primario[10], servizos a empresas, servizos da Administración Pública, servizos informáticos, servizos sociais/outras actividades sociais, telecomunicacións/IT, téxtil e confección, turismo e restauración/Horeca e xestión ambiental

- Área funcional de traballo ou departamento: administración e finanzas, atención ao cliente/usuario, calidade, compras, dirección xeral, enxeñaría e construción, formación e ensino, I+D+i, informática e tecnoloxía, loxística e almacén, sen áreas funcionais diferenciadas no seo da empresa/entidade, prevención e saúde, produción, recursos humanos, servizos, vendas/marketing e xestión de proxectos
- Categoría profesional: directivo/a, mando intermedio, técnico/a cualificado/a e emprego non cualificado
- Tamaño da empresa/entidade: empresa individual[11], microempresa, pequena empresa, mediana empresa e grande empresa
- Ingresos: Nivel salarial e/ou de ingresos referidos polos inquiridos (sen contrastar cos correspondentes contratos)

- A percepción das persoas tituladas sobre o emprego actual e a súa relación cos estudos realizados na UVigo:
  - Grao de satisfacción global co emprego
  - Adecuación temática entre emprego e estudos realizados
  - Sobrecualificación

- Medición da satisfacción das persoas tituladas cos estudos oficiais de grao da UVigo no curso 2021/2022:
  - Satisfacción global cos estudos de grao realizados, coas competencias adquiridas e sobre se recomendaría a realización destes estudos
  - Satisfacción coa empregabilidade e inserción laboral relativamente á capacitación para desenvolver a carreira profesional, a súa contribución á inserción laboral e a mellora do nivel socio-laboral.

[10] Agricultura, gandaría, caza e pesca.
[11] Autoemprego ou traballador/a autónomo/a sen empregados.

- Comparativa de resultados cos estudos precedentes (2018/2019 e 2019/2020), o que permite analizar a evolución dos resultados nos principais factores relacionados coa empregabilidade das tres promocións avaliadas de forma particular.

- Manter unha comunicación coas promocións recentes do antigo alumnado da UVigo de cara a actualizar e ampliar a Base de Datos do Observatorio coa información máis recente nos ámbitos académico e profesional das persoas tituladas.

- Analizar de forma específica a situación do mercado de traballo e da empregabilidade das persoas tituladas nunha promoción que se inseriu no mercado de traballo nun ano, 2022, aínda afectado polas repercusións económicas e sociais derivadas da pandemia de Covid-19.

A análise destas dimensións permite obter unha radiografía do perfil das persoas tituladas, incidindo en aspectos relevantes como a traxectoria académica, o acceso ao mercado de traballo e a situación socio-laboral actual.

Metodoloxía

Esta parte do estudo detalla os pasos implementados para a elaboración deste informe sobre a inserción laboral das persoas tituladas en estudos de grao no curso académico 2021/2022 relativamente ao proceso metodolóxico, estrutura do cuestionario aplicado, definición da poboación e mostra, ben como a ficha técnica.

1. Proceso metodolóxico

1.1 Elaboración do cuestionario

O cuestionario aplicado neste estudo non é diferente do empregado no estudo de inserción laboral realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas ás persoas tituladas da UVigo en estudos de grao no curso 2018/2019.

Así sendo, a referencia bibliográfica alicérzase, con adaptacións, nos cuestionarios aplicados tanto no "Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da UVigo (1990-2015)" como nos tres traballos de seguimento do impacto laboral da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Alén diso, tamén foron levadas en conta enquisas semellantes aplicadas por outras institucións, entidades e organizacións, nomeadamente a ACSUG[12]. Relativamente á medición da satisfacción global cos estudos de grao, empregabilidade e inserción laboral foi aplicado o cuestionario aprobado pola Comisión de Calidade de Eido para a medición da satisfacción dos programas de doutoramento da UVigo. Todos os ítens do cuestionario aplicado pódense consultar no Anexo 1.

Unha vez deseñado, o cuestionario autoaplicado, realizado a partir da tecnoloxía de Microsoft Forms, un servizo de O365 A1 para educación coa licenza correspondente asignada pola UVigo, foi distribuído por correo electrónico entre os graduados/as da UVigo no curso 2021/2022 que deran o seu consentimento explícito para formar parte da Base de Datos do Observatorio. O formulario foi inserido na Web institucional do Observatorio o 29 de abril de 2024[13].

1.2 Definición da poboación

Durante o curso académico de 2021/2022 a UVigo emitiu un total de 2685 títulos de grao segundo a distribución por titulacións, centros e campus que mostra o Cadro nº3.

Cadro nº3. Títulos de grao emitidos pola UVigo no curso 2021/2022

Grao	Centro	Persoas tituladas
Ourense		
Administración e Dirección de Empresas	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	63
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Facultade de Ciencias	17
Ciencias Ambientais	Facultade de Ciencias	34
Dereito	Facultade de Dereito	57
Educación Infantil	Facultade de Educación e Traballo Social	98
Educación Primaria	Facultade de Educación e Traballo Social	90
Educación Social	Facultade de Educación e Traballo Social	68
Enfermaría	Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense	58
Enxeñaría Aeroespacial	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	51
Enxeñaría Agraria	Facultade de Ciencias	8

[12] Cuestionarios aplicados no "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia. 2011-2012" (EIL1112), ben como o EIL 1213 e EIL1314.
[13] https://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-curso-2021-2022/

Enxeñaría Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	70
PCEO ADE/Dereito	Facultade de Dereito	20
PCEO ADE/Enxeñaría Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	2
Traballo Social	Facultade de Educación e Traballo Social	70
Turismo	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	18
Xeografía e Historia	Facultade de Historia	22
Pontevedra		
Belas Artes	Facultade de Belas Artes	97
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	82
Comunicación Audiovisual	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	42
Dirección e Xestión Pública	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	18
Educación Infantil	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	71
Educación Primaria	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	76
Enfermaría	Escola Universitaria de Enfermaría da Deputación Provincial de Pontevedra	43
Enxeñaría Forestal	Escola de Enxeñaría Forestal	23
Enxeñaría Mecánica	Centro Universitario da Defensa da Escola Naval Militar de Marín	55
Fisioterapia	Facultade de Fisioterapia	50
Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	99
Vigo		
Administración e Dirección de Empresas	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	191
Bioloxía	Facultade de Bioloxía	74
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	Facultade de Filoloxía e Tradución	13
Ciencias do Mar	Facultade de Ciencias do Mar	32
Comercio	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	42
Dereito	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	86
Economía	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	39
Educación Infantil	Escola Universitaria de Profesorado de EXB	41
Educación Primaria	Escola Universitaria de Profesorado de EXB	44
Enfermaría	Escola Universitaria de Enfermaría Meixoeiro	48
Enfermaría	Escola Universitaria de Enfermaría Povisa	55
Enxeñaría Biomédica	Escola de Enxeñaría Industrial	35
Enxeñaría da Enerxía	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	21
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	58
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	7
Enxeñaría Eléctrica	Escola de Enxeñaría Industrial	14
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	Escola de Enxeñaría Industrial	59
Enxeñaría en Organización Industrial	Escola de Enxeñaría Industrial	47
Enxeñaría en Química Industrial	Escola de Enxeñaría Industrial	17
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	Escola de Enxeñaría Industrial	44
Enxeñaría Mecánica	Escola de Enxeñaría Industrial	78
Linguas Estranxeiras	Facultade de Filoloxía e Tradución	29
PCEO ADE/Dereito	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	34
Química	Facultade de Química	42
Relacións Laborais e Recursos Humanos	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	49
Tradución e Interpretación	Facultade de Filoloxía e Tradución	84

Porén, os destinatarios da enquisa autoaplicada non foron todas as persoas tituladas referidas no Cadro nº3, senón os contactos que previamente deran o seu consentimento

explícito para formar parte da Base de Datos do Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo[14].

Cadro nº4. Persoas tituladas en estudos de grao no curso 2021/2022 rexistradas na Base de Datos do Observatorio

Titulación	Centro	Persoas tituladas
Ourense		
Administración e Dirección de Empresas	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	35
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Facultade de Ciencias	11
Ciencias Ambientais	Facultade de Ciencias	25
Dereito	Facultade de Dereito	23
Educación Infantil	Facultade de Educación e Traballo Social	56
Educación Primaria	Facultade de Educación e Traballo Social	49
Educación Social	Facultade de Educación e Traballo Social	39
Enfermaría	Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense	47
Enxeñaría Aeroespacial	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	36
Enxeñaría Agraria	Facultade de Ciencias	6
Enxeñaría Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	30
Traballo Social	Facultade de Educación e Traballo Social	57
Turismo	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	3
Xeografía e Historia	Facultade de Historia	12
PCEO ADE/Dereito	Facultade de Dereito	-
PCEO ADE/Enxeñaría Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	-
Pontevedra		
Belas Artes	Facultade de Belas Artes	48
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	56
Comunicación Audiovisual	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	21
Dirección e Xestión Pública	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	10
Educación Infantil	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	51
Educación Primaria	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	48
Enfermaría	Escola Universitaria de Enfermaría da Deputación Provincial de Pontevedra	29
Enxeñaría Forestal	Escola de Enxeñaría Forestal	15
Enxeñaría Mecánica	Centro Universitario da Defensa da Escola Naval Militar de Marín	15
Fisioterapia	Facultade de Fisioterapia	38
Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	44
Vigo		
Administración e Dirección de Empresas	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	99
Bioloxía	Facultade de Bioloxía	61
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	Facultade de Filoloxía e Tradución	8
Ciencias do Mar	Facultade de Ciencias do Mar	20
Comercio	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	25
Dereito	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	56
Economía	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	25
Educación Infantil	Escola Universitaria de Profesorado de EXB	33
Educación Primaria	Escola Universitaria de Profesorado de EXB	27
Enfermaría	Escola Universitaria de Enfermaría Meixoeiro	34
Enfermaría	Escola Universitaria de Enfermaría Povisa	34
Enxeñaría Biomédica	Escola de Enxeñaría Industrial	18
Enxeñaría da Enerxía	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	18
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	35

[14] 1589 persoas tituladas.

Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	7
Enxeñaría Eléctrica	Escola de Enxeñaría Industrial	8
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	Escola de Enxeñaría Industrial	28
Enxeñaría en Organización Industrial	Escola de Enxeñaría Industrial	25
Enxeñaría en Química Industrial	Escola de Enxeñaría Industrial	11
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	Escola de Enxeñaría Industrial	21
Enxeñaría Mecánica	Escola de Enxeñaría Industrial	47
Linguas Estranxeiras	Facultade de Filoloxía e Tradución	20
Química	Facultade de Química	32
Relacións Laborais e Recursos Humanos	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	30
Tradución e Interpretación	Facultade de Filoloxía e Tradución	63
PCEO ADE/Dereito	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	-

1.3 Difusión do cuestionario

O cuestionario aplicado foi difundido por varias vías:

A principal, a través dun mailing masivo aos enderezos de correo electrónico dos graduados/as no curso académico 2021/2022 rexistrados na Base de Datos do Observatorio recibidos da Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade da UVigo.

O corpo da mensaxe de correo electrónico en que se solicitaba a colaboración con esta iniciativa contiña un texto de presentación asinado polo director do Observatorio, no que se expuñan os obxectivos deste estudo e se encoraxaba a participar nesta iniciativa do Observatorio. As mensaxes enviadas incluían a ligazón de acceso ao cuestionario. De acceso simples e directo, unha vez preenchido, a información recibida era transferida instantaneamente para unha folla de cálculo de acceso restrinxido ao persoal técnico de apoio do Observatorio.

Outra vía de difusión foron os medios telemáticos cos que conta o Observatorio, a Páxina Web, onde se habilitou unha entrada específica[15], e as nosas Redes Sociais, nomeadamente a Páxina de LinkedIn[16] e o Canal de Youtube[17], onde foi creada a lista de reprodución "Inserción laboral 2021/2022".

Para facilitar a participación na enquisa foi elaborado un vídeo-guía[18] para acceder de antemán, e en menos de tres minutos, ás preguntas do formulario aplicado.

Para que a taxa de resposta fose o máis alta posíbel, foron enviadas periodicamente mensaxes por correo electrónico a fin de lembrar a importancia da participación no estudo. Así sendo, para alén do envío inicial[19], fixéronse dúas reiteracións[20] , excluíndo de cada unha delas as persoas que responderan a enquisa. De xeito excepcional foi preciso realizar unha terceira reiteración[21] a fin de mellorar a taxa de resposta das titulacións en que se valorou que non estaban garantidos uns mínimos de representatividade.

Adicionalmente, en función da taxa de participación existente, a partir da conta de correo institucional do Observatorio foron realizados requirimentos aos centros responsábeis pola docencia e ao profesorado responsábel da coordinación dos títulos de grao a fin de

[15] https://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-curso-2021-2022/
[16] https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo
[17] https://www.youtube.com/playlist?list=PLpjfPvJRto4tyi8NPqMbnuDWjIY2wgdzx
[18] https://www.youtube.com/watch?v=9LmSw6MU_NI
[19] 6/5/2024
[20] 13/5/2024 (primeira reiteración) e 28/5/2024 (segunda reiteración).
[21] 10/6/2024 (terceira reiteración).

solicitar a súa colaboración na difusión da enquisa entre as persoas tituladas dos estudos respectantes (ver Anexo 2).

1.4 Recolla e procesamento de dados

As respostas recollidas instantaneamente foron incorporadas a unha base de datos, sendo revisadas[22] e codificadas para seren traducidas en indicacións cifradas que facilitasen as clasificacións e posterior tratamento informático.

A fin de garantir o anonimato dos participantes no formulario aplicado non se solicitou a indicación de datos persoais, senón un código de verificación consistente nos dous primeiros e últimos e letra final dos números de identidade e, de forma opcional, a conta de correo electrónico. Para asegurar o principio da absoluta confidencialidade no tratamento estatístico dos datos, como comprometido na solicitude de colaboración, as respostas da enquisa foron desvinculadas das contas de correo electrónico recibidas e do código de verificación asignado.

Posteriormente, a análise estatística dos dados foi realizada coa versión 24 do programa IBM SPSS Statistics, o que permitiu a análise de frecuencias e de tabelas cruzadas (proba chi-cuadrado) para determinar a existencia de relacións de significancia ou dependencia estatística. Esta proba compara a distribución observada dos datos coa esperada dos mesmos, o que permite determinar se unha variábel está asociada a outra ou se o valor observado dunha variábel depende doutra.

[22] Levouse a cabo a depuración dos datos recollidos, consistente no tratamento dos datos perdidos e a análise dos valores atípicos.

2. Estrutura do cuestionario

O cuestionario autoaplicado empregado neste estudo estaba estruturado en seis grandes bloques: información introdutoria, situación actual, características do emprego actual, valoración do emprego actual, satisfacción co itinerario académico e coa inserción laboral e situación un ano após acabar os estudos de grao na UVigo no curso 2021/2022.

2.1 Información introdutoria

O bloque 1 incorpora unha serie de dados de tipo persoal e académico do suxeito inquirido. Alén diso, a fin de actualizar a información de contacto da Base de Datos do Observatorio, solicitouse que as persoas inquiridas que así o desexaren facilitasen o seu enderezo de correo electrónico.

2.2 Informacións sobre a situación actual

O bloque 2 incorpora todas as informacións sobre a situación socio-laboral das persoas graduadas no curso 2021/2022 na altura de responder a enquisa. Aliás, recóllense as informacións máis relevantes relativas ao emprego como son o réxime de traballo (ou modalidade de contratación), tipo de contrato e de xornada, ben como a permanencia na situación socio-laboral actual.

2.3 Características do emprego actual

Para aquelas persoas que traballaban no momento de responder a enquisa no bloque 3 inquiriuse polo lugar do traballo e diversos aspectos sobre o emprego como a rama de actividade, sector económico, categoría profesional, área funcional de traballo/departamento, tamaño da empresa/entidade empregadora e ingresos, elementos que serven para determinar o perfil profesional.

2.4 Valoración do emprego actual

A valoración do emprego actual abórdase a partir da relación existente entre o posto de traballo e os estudos de grao realizados na UVigo, a relación entre as exixencias do emprego actual e o nivel académico adquirido nos estudos de grao realizados na UVigo e a satisfacción global co emprego actual.

2.5 Satisfacción co itinerario académico e coa inserción laboral

No bloque 5 todos os suxeitos da mostra valoraron, cunha escala de satisfacción do 1 (moi insatisfeito/a) a 5 (moi satisfeito/a), aspectos relativos aos estudos de grao realizados na UVigo no curso 2021/2022 tanto do punto de vista académico (valoración global do grao, competencias adquiridas e recomendación) como da inserción laboral (capacitación profesional, inserción laboral e nivel socio-laboral).

2.6 Situación un ano após acabar os estudos na UVigo no curso 2021/2022

O sexto e último bloque inquiriu sobre a situación socio-laboral ao cabo de doce meses de completados os estudos de grao realizados no curso 2021/2022 en aspectos como o réxime do traballo, lugar do traballo, tipo de xornada e ingresos.

2.7 Pregunta aberta

Finalmente, deuse a posibilidade de as persoas inquiridas poderen expresar de maneira libre os seus comentarios sobre os aspectos ligados á enquisa e que non foran recollidos no cuestionario aplicado.

2.8 Esquema do cuestionario

O Cadro nº5 mostra, de forma esquemática, a estrutura do formulario autoaplicado.

Cadro nº5. Estrutura do formulario autoaplicado

Bloques temáticos	Variábeis
Datos persoais e académicos	- Lugar de residencia actual - Idade - Título de grao obtido na UVigo no curso 2021/2022 - Campus universitario - Titulación adicional - Estudos de mestrado realizados - Estudos de doutoramento realizados
Situación socio-laboral actual	- Situación socio-laboral no momento actual - Modalidade de contratación - Tipo de contrato - Tipo de xornada - Tempo na situación actual
Características do emprego actual	- Lugar do traballo - Rama de actividade - Sector económico - Área funcional de traballo - Categoría profesional - Tamaño da empresa/entidade - Ingresos
Valoración do emprego actual	- Satisfacción global co emprego actual - Adecuación temática - Sobrecualificación
Satisfacción coa empregabilidade	- Desenvolvemento da carreira profesional - Melloría da inserción laboral - Melloría do nivel socio-laboral
Satisfacción cos estudos realizados	- Satisfacción global cos estudos de grao - Competencias adquiridas - Recomendación
Situación socio-laboral 12 meses após graduarse	- Situación socio-laboral ao cabo dun ano de graduarse - Lugar do traballo - Modalidade de contratación - Tipo de xornada - Ingresos
Pregunta aberta para deixar comentarios	
Datos persoais de contacto	- E-mail de contacto actualizado (opcional)

3. Poboación e mostra

Os seguintes cadros mostran diferentes datos sobre a configuración da poboación obxecto deste estudo e a mostra finalmente recollida.

3.1 Persoas graduadas

Dun total de 2685 persoas graduadas no curso 2021/2022, recolléronse un total de 536 respostas válidas en dito curso académico.

3.2 Sexo

A mostra obtida de persoas inquiridas, en consonancia coa distribución porcentual da poboación, está composta por un 59,5% de mulleres e un 40,5% de homes.

Cadro nº6. Tamaño da poboación e mostra segundo o sexo

	Poboación	Mostra
Home	1154	217
Muller	1531	319

Cadro nº7. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo o sexo

	Poboación	Mostra
Home	43,0	40,5
Muller	57,0	59,5

3.3 Campus universitario

A mostra obtida distribúese segundo a seguinte secuencia: maioría en Vigo (50,6%), seguida, en consonancia coa poboación, por Ourense (27,4%) e Pontevedra (22,0%).

Cadro nº8. Tamaño da poboación e mostra segundo o campus universitario

	Poboación	Mostra
Ourense	746	147
Pontevedra[23]	656	118
Vigo	1283	271

Cadro nº9. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo o campus universitario

	Poboación	Mostra
Ourense	27,8	27,4
Pontevedra	24,4	22,0
Vigo	47,8	50,6

3.4 Ramas de coñecemento

A selección da mostra realizouse consoante un procedemento aleatorio estratificado, sendo a variábel de estratificación a porcentaxe de persoas tituladas no curso académico 2021/2022 en cada unha das cinco ramas de coñecemento[24]: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Científica, Enxeñaría e Arquitectura ou Tecnolóxica e Ciencias Sociais e Xurídicas ou Xurídico-Social.

O Cadro nº10 detalla o tamaño da poboación e mostra obtida de persoas tituladas da UVigo no curso académico 2021/2022 para cada ámbito académico.

[23] Inclúe Centro Universitario da Defensa (CUD) da Escola Naval Militar (ENM) de Marín .
[24] Definidas polo Ministerio de Educación e Cultura (MEC).

Cadro nº10. Tamaño da poboación e mostra segundo a rama de coñecemento

	Poboación	Mostra
Artes e Humanidades	245	75
Ciencias da Saúde	254	37
Científica	199	60
Tecnolóxica	589	136
Xurídico-Social	1398	228

O Cadro nº11 mostra a distribución porcentual da poboación e mostra por ámbitos académicos.

Cadro nº11. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo a rama de coñecemento

	% Poboación	% Mostra
Artes e Humanidades	9,1	14,0
Ciencias da Saúde	9,5	6,9
Científica	7,4	11,2
Tecnolóxica	21,9	25,4
Xurídico-Social	52,1	42,5

Ao igual que noutros traballos de inserción laboral publicados con anterioridade polo Observatorio de Persoas Tituladas, tamén se consideraron as seguintes categorías das ramas de Artes e Humanidades e Xurídico-Social:

- Artes e Humanidades I: Arte, expresión artística, xeografía e historia
- Artes e Humanidades II: Idiomas modernos, lingüística e literatura
- Xurídico-Social I: Ciencias económicas e empresariais
- Xurídico-Social II: Ciencias xurídicas, do traballo e da administración
- Xurídico-Social III: Ciencias da educación, actividade física e deporte e en traballo social
- Xurídico-Social IV: Ciencias da comunicación e turismo

Os graos correspondentes a cada unha das ramas neste estudo pódense consultar no Anexo 3.

Cadro nº12. Tamaño da poboación e mostra segundo a rama de coñecemento

	Poboación	Mostra
Artes e Humanidades I	119	32
Artes e Humanidades II	126	43
Ciencias da Saúde	254	37
Científica	199	60
Tecnolóxica	589	136
Xurídico-Social I	369	50
Xurídico-Social II	230	36
Xurídico-Social III	640	123
Xurídico-Social IV	159	19

Cadro nº13. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo a rama de coñecemento

	% Poboación	% Mostra
Artes e Humanidades I	4,4	6,0
Artes e Humanidades II	4,7	8,0
Ciencias da Saúde	9,5	6,9
Científica	7,4	11,2

Tecnolóxica	21,9	25,4
Xurídico-Social I	13,7	9,3
Xurídico-Social II	8,6	6,7
Xurídico-Social III	23,8	22,9
Xurídico-Social IV	5,9	3,5

Na mostra obtida predominan as persoas tituladas en graos do ámbito Xurídico-Social (42,5%). En segundo lugar, cunha porcentaxe inferior, mais tamén importante, están as respostas dos titulados/as do ámbito Tecnolóxico (25,4%) seguidos polas titulacións do ámbito de Artes e Humanidades (14,0%), Científico (11,2%) e Ciencias da Saúde (6,9%).

3.5 Estudos de grao

Este apartado mostra a proporción de persoas tituladas en estudos de grao existente na poboación e na mostra obtida durante o curso 2021/2022.

Cadro nº14. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo os estudos de grao

	% Poboación	% Mostra
Administración e Dirección de Empresas	9,46	4,66
Belas Artes	3,61	4,85
Bioloxía	2,76	4,48
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,63	1,31
Ciencias Ambientais	1,27	2,05
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	3,05	1,87
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	0,48	0,93
Ciencias do Mar	1,19	1,49
Comercio	1,56	1,12
Comunicación Audiovisual	1,56	1,68
Dereito	5,33	2,99
Dirección e Xestión Pública	0,67	0,75
Economía	1,45	1,87
Educación Infantil	7,82	7,65
Educación Primaria	7,82	6,34
Educación Social	2,53	2,61
Enfermaría	7,60	4,66
Enxeñaría Aeroespacial	1,90	4,66
Enxeñaría Agraria	0,30	0,37
Enxeñaría Biomédica	1,30	1,87
Enxeñaría da Enerxía	0,78	1,87
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	2,16	2,43
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,26	0,75
Enxeñaría Eléctrica	0,52	0,56
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	2,20	2,24
Enxeñaría en Organización Industrial	1,75	0,93
Enxeñaría en Química Industrial	0,63	0,93
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	1,64	1,31
Enxeñaría Forestal	0,86	1,87
Enxeñaría Informática	2,61	1,68
Enxeñaría Mecánica	4,95	3,54
Fisioterapia	1,86	2,24
Linguas Estranxeiras	1,08	2,05
PCEO Administración e Dirección de Empresas/Dereito	2,01	2,43
PCEO Administración e Dirección de Empresas/Enxeñaría Informática	0,07	0,37
Publicidade e Relacións Públicas	3,69	1,68
Química	1,56	1,87
Relacións Laborais e Recursos Humanos	1,82	2,24
Traballo Social	2,61	4,48
Tradución e Interpretación	3,13	5,04
Turismo	0,67	0,19

Xeografía e Historia	0,82	1,12

4. Ficha Técnica

Ámbito do estudo: Universidade de Vigo. A poboación de interese non se pode encadrar nun ámbito xeográfico concreto, dado que as persoas tituladas desta institución académica no curso académico 2021/2022 non son necesariamente residentes nunha zona específica.

Poboación: Persoas tituladas que finalizaron os seus estudos universitarios na Universidade de Vigo e obtiveron o título de grao no curso académico 2021/2022.

Mostra recollida: 536 cuestionarios.

Estratificación: Para o total da mostra leváronse en conta as variábeis de segmentación sexo, idade, lugar de residencia, campus (se proceder), ámbitos académicos e grao obtido. Para as persoas que traballaban no momento de responder a enquisa a estratificación aplicouse á modalidade de contratación e tipo de contrato, lugar do traballo, rama de actividade, sector económico, área funcional de traballo (departamento), categoría profesional, ingresos e tamaño da empresa/entidade.

Procedemento de recolla da información: As enquisas foron remitidas por correo electrónico a unha lista de persoas tituladas da UVigo que deran o seu consentimento explícito para formar parte da Base de Datos do Observatorio no momento de solicitar o título. O cuestionario tamén foi difundido en redes sociais propias, captándose os dados nun formulario aloxado na Web do Observatorio de Persoas Tituladas.

Erro: Para un nível de confianza de 95%, e p=q, o erro real é de ±3,788% para o conxunto da mostra e supondo mostraxe aleatoria simples[25].

Datas de realización: De 6 de maio a 25 de xuño de 2024.

[25] Baixo estas hipóteses, a seguir reflíctese a distribución de erros mostrais por rama coñecemento: Artes e Humanidades (0,09445), Artes e Humanidades I (0,14875), Artes e Humanidades II (0,12172), Ciencias da Saúde (0,14921), Científica (0,10600), Tecnolóxica (0,07376), Xurídico-Social (0,05939), Xurídico-Social I (0,12903), Xurídico-Social II (0,15033), Xurídico-Social III (0,07948) e Xurídico-Social IV (0,21163).

1. Datos persoais

1.1 Sexo

A porcentaxe de mulleres tituladas en estudos de grao durante o curso 2021/2022 é, como mostra o Cadro nº7, superior á dos homes (59,5% contra 40,5%).

1.2 Idade

A mostra avaliada ten unha idade media de 27,07 anos, máis en homes (27,46 anos) que en mulleres (26,80 anos). A idade máis frecuente (moda) é 24 anos, sen diferenzas entre sexos e a idade mediana de 25 anos.

Por faixas de idade, a maioría da mostra (54,5%) ten entre 23 e 25 anos, rango que agrupa o 57,4% de mulleres e 50,2% de homes. Un terzo da mostra (33,9%) ten entre 26 e 30 anos, máis homes (35,5%) que mulleres (32,9%). Finalmente, un 11,8% ten máis de 30 anos, máis homes (14,3%) que mulleres (9,7%).

Cadro nº15. Idade das persoas tituladas

	%	Home	Muller
23-25 anos	54,5	50,2	57,4
26-30 anos	33,9	35,5	32,9
31-35 anos	6,7	8,3	5,6
36-40 anos	0,4	0,0	0,6
41-50 anos	3,1	5,5	1,3
Máis de 50 anos	1,6	0,5	2,2
Media	27,07	27,30	26,51
Moda	24	24	24
Mediana	25	25	25
Desviación	5,420	5,502	5,356
Mínimo	23	24	23
Máximo	60	60	59

1.3 Lugar de residencia actual

A maioría de persoas tituladas (84,1%) moraba en Galicia na altura de responder a enquisa contra outras comunidades autónomas (12,9%) e o resto do mundo (3,0%).

Por sexos, tal como mostra o Cadro nº16, a taxa de emigración[26] masculina (19,3%) supera a feminina (13,5%) debido á maior mobilidade.

Cadro nº16. Lugar de residencia actual


	%	Home	Muller
Galicia	84,1	80,6	86,5
Outra comunidade autónoma	12,9	15,2	11,3
Resto do mundo	3,0	4,1	2,2

1.3.1 Persoas tituladas residentes en Galicia

1.3.1.1 Provincias

A maioría (68,5%) reside na provincia de Pontevedra, seguido pola Coruña (14,4%) e Ourense (13,5%).


[26] Persoas tituladas residentes fóra de Galicia.



Mapa nº1. Persoas tituladas residentes en Galicia por provincias

1.3.1.2 Concellos

A mostra obtida distribúese actualmente en 77 concellos, mormente en Vigo (33,3%), seguido por Ourense (8,6%), Pontevedra (6,7%), seguidos pola Coruña (5,1%), Santiago de Compostela (3,3%) e Cangas (3,1%). En menor proporción, áchanse Marín (2,4%), Moaña (2,2%), Mos, Ponteareas e Vilagarcía de Arousa (2,0% cada un). No resto de concellos reside 29,3% da mostra avaliada.




Mapa nº2. Persoas tituladas residentes en Galicia por concellos

> Visualizar datos

1.3.2 Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas

1.3.2.1 Comunidades autónomas


Nas nove comunidades autónomas con presenza de graduados/as da UVigo destaca a Comunidade de Madrid (44,9%) seguida, a máis distancia, por Cataluña e Comunidade Valenciana (14,5% ambas) e Castela e León (7,2%).



Mapa nº3. Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas

1.3.2.2 Provincias

Das catroce provincias destacan Madrid (44,9%) seguida, a máis distancia, por Valencia (14,5%) e Barcelona (13,0%), ben como Baleares (5,8%) e Salamanca (4,3%).




Mapa nº4. Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas por provincias

> Visualizar datos

1.3.3 Persoas tituladas residentes no resto do mundo

Entre os doce países con presenza de graduados/as da UVigo 11 son europeos, destacando Alemaña (25,0%) seguido, a máis distancia, por Italia (12,5%).



Mapa nº5. Persoas tituladas residentes no resto do mundo

> Visualizar datos

2 Datos académicos

2.1 Ramas de coñecemento

Destacan as persoas tituladas na rama Xurídico-Social (42,4%) e Tecnolóxica (25,4%), seguidas por Artes e Humanidades (14,0%), Científica (11,2%) e Ciencias da Saúde (6,9%).

Cadro nº17. Persoas tituladas segundo a rama de coñecemento

	%	Home	Muller
Artes e Humanidades	14,0	7,4	18,5
Artes e Humanidades I	6,0	4,6	6,9
Artes e Humanidades II	8,0	2,8	11,6
Ciencias da Saúde	6,9	4,1	8,8
Científico	11,2	11,5	11,0
Tecnolóxico	25,4	47,9	10,0
Xurídico-Social	42,4	29,0	51,7
Xurídico-Social I	9,3	11,5	7,8
Xurídico-Social II	6,7	5,1	7,8
Xurídico-Social III	22,9	9,7	32,0
Xurídico-Social IV	3,5	2,8	4,1

Por sexo, segundo mostra o Cadro nº18, a maioría de mulleres realizou graos da rama Xurídico-Social (51,7%), seguido a máis distancia por titulacións de Artes e Humanidades (18,5%), Científica (11,0%), Tecnolóxica (10,0%) e en Ciencias da Saúde (8,8%). Polo contrario, entre os homes case metade graduouse en estudos da rama Tecnolóxica (47,9%), seguida pola Xurídico-Social (29,0%), situándose a máis distancia a Científica (11,5%), Artes e Humanidades (7,4%) e Ciencias da Saúde (4,1%).

A presenza feminina é especialmente significativa nas ramas Xurídico-Social III (32,0% contra 9,7% de homes), ben como en Artes e Humanidades II (11,6% contra 2,8%). Polo contrario, a presenza masculina en estudos da rama Xurídico-Social I (11,5%) supera significativamente a feminina (7,8%).

Os resultados da distribución das ramas de coñecemento por sexo pódense consultar no Cadro nº16.

Cadro nº18. Distribución da rama de coñecemento por sexo

	Home	Muller
Artes e Humanidades	21,3	78,7
Artes e Humanidades I	31,3	68,8
Artes e Humanidades II	14,0	86,0
Ciencias da Saúde	24,3	75,7
Científico	41,7	58,3
Tecnolóxico	76,5	23,5
Xurídico-Social	27,6	72,4
Xurídico-Social I	50,0	50,0
Xurídico-Social II	30,6	69,4
Xurídico-Social III	17,1	82,9
Xurídico-Social IV	31,6	68,4

Salvo na Tecnolóxica, a única rama de coñecemento con sobrerrepresentación masculina de 76,5%, a porcentaxe de mulleres supera o 75% en Artes e Humanidades II (86,0%), Xurídico-Social III (82,9%) e en Ciencias da Saúde (75,7%).

2.1.1 Rama de coñecemento segundo a idade

A idade media das persoas graduadas no curso 2021/2022 é maior en Artes e Humanidades I (29,63 anos) e Xurídico-Social II (29,42), superando a media global nas ramas Tecnolóxica (27,24) e Ciencias da Saúde (27,16) contra a mínima na Xurídico-Social IV (24,84), Artes e Humanidades II (26,28), Xurídico-Social III (26,41) e Científica (26,45).

Cadro nº19. Estatísticos de idade segundo a rama de coñecemento

	Media	Mediana	Desviación	Mínima	Máxima
Artes e Humanidades	27,71	25	6,612	23	53
Artes e Humanidades I	29,63	27	8,063	24	52
Artes e Humanidades II	26,28	24	4,915	23	53
Ciencias da Saúde	27,16	24	6,998	24	58
Científico	26,45	25	4,236	24	46
Tecnolóxico	27,24	26	4,566	24	48
Xurídico-Social	26,90	25	5,466	24	60
Xurídico-Social I	27,08	25	5,428	24	58
Xurídico-Social II	29,42	26	9,575	24	60
Xurídico-Social III	26,41	25	3,800	24	52
Xurídico-Social IV	24,84	24	1,259	24	28

2.1.2 Rama de coñecemento segundo o lugar de residencia

A mobilidade xeográfica é máis frecuente entre os graduados/as en Artes e Humanidades II (25,6%), Ciencias da Saúde (24,3%) e Tecnolóxica (23,5%) contra a mínima en Artes e Humanidades I (6,3%), Xurídico-Social III (8,9%) e IV (10,5%). A residencia noutra comunidade autónoma supera á destinada no estranxeiro en todas as ramas de coñecemento.

Cadro nº20. Lugar de residencia segundo a rama de coñecemento

	Galicia	Outra comunidade autónoma	Resto do mundo
Artes e Humanidades	82,7	13,3	4,0
Artes e Humanidades I	93,8	6,3	0,0
Artes e Humanidades II	74,4	18,6	7,0
Ciencias da Saúde	75,7	18,9	5,4
Científico	88,3	11,7	0,0
Tecnolóxico	76,5	19,1	4,4
Xurídico-Social	89,5	8,3	2,2
Xurídico-Social I	86,0	10,0	4,0
Xurídico-Social II	88,9	8,3	2,8
Xurídico-Social III	91,1	7,3	1,6
Xurídico-Social IV	89,5	10,5	0,0

2.2 Campus universitario

2.2.1 Resultados globais e por sexo

A maioría das persoas tituladas inquiridas realizou os seus estudos no Campus de Vigo (50,6%), seguido por Ourense (27,4%) e Pontevedra (22,0%). A maioría de homes (57,1%) e case metade de mulleres (46,1%) graduouse en titulacións do campus de Vigo.

Cadro nº21. Persoas tituladas segundo o campus universitario

	%	Home	Mulleres
Ourense	27,4	26,3	28,2
Pontevedra	22,0	16,6	25,7
Vigo	50,6	57,1	46,1

Segundo mostra o Cadro nº22, mentres que Vigo e Ourense rexistran paridade de sexo, no campus de Pontevedra deuse sobrerrepresentación feminina (69,5%).

Cadro nº22. Distribución de sexo segundo o campus universitario

	Home	Muller
Ourense	38,8	61,2
Pontevedra	30,5	69,5
Vigo	45,8	54,2

2.2.2 Campus universitario segundo a rama de coñecemento

O ámbito Xurídico-Social é maioritario entre os graduados/as nos campus de Pontevedra (54,2%) e Ourense (51,7%) e predominante en Vigo (32,5%), xunto co Tecnolóxico (32,1%). É significativa a maior presenza de graduados/as en Ciencias da Saúde no Campus de Pontevedra (14,4%).

Cadro nº23. Ramas de coñecemento segundo o campus universitario

	Ourense	Pontevedra	Vigo
Artes e Humanidades	4,1	22,0	15,9
Artes e Humanidades I	4,1	22,0	0,0
Artes e Humanidades II	0,0	0,0	15,9
Ciencias da Saúde	6,1	14,4	4,1
Científico	12,2	0,0	15,5
Tecnolóxico	25,9	9,3	32,1
Xurídico-Social	51,7	54,2	32,5
Xurídico-Social I	3,4	0,0	16,6
Xurídico-Social II	6,1	3,4	8,5
Xurídico-Social III	41,5	35,6	7,4
Xurídico-Social IV	0,7	15,3	0,0

2.3 Estudos de grao realizados

2.3.1 Resultados globais

Segundo mostra o Cadro nº14 os estudos con máis presenza na mostra obtida son os graos en Educación Infantil (7,7%), seguidos por Educación Primaria (6,3%), Tradución e Interpretación (5,0%), Belas Artes (4,9%), Administración e Dirección de Empresas , Enfermaría e Enxeñaría Aeroespacial (4,7% cada un), Bioloxía e Traballo Social (4,5% ambos).

Polo contrario, os estudos con menos presenza son Turismo (0,2%), Enxeñaría Agraria e PCEO en Administración e Dirección de Empresas/Enxeñaría Informática (0,4% ambos), Enxeñaría Eléctrica (0,6%), Dirección e Xestión Pública e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (0,8% ambos), Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Enxeñaría en Organización Industrial e Enxeñaría en Química Industrial (0,9% cada un).

2.3.2 Análise por sexo

2.3.2.1 Estudos de grao segundo o sexo

Entre as mulleres predominan as graduadas en Educación Infantil (12,2%), Educación Primaria (7,8%), Tradución e Interpretación e Enfermaría (7,2% ambas), Traballo Social (6,9%) e Belas Artes (6,6%). Polo contrario, entre os homes son máis frecuentes os estudos en Enxeñaría Aeroespacial e Enxeñaría Mecánica (8,3% ambos), Administración e Dirección de Empresas (6,5%), Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (5,5%) e Enxeñaría en Tecnoloxías de Telecomunicación (5,1%).

Cadro nº24. Estudos de grao máis frecuentes segundo o sexo

Home		Muller	
Grao	%	Grao	%
Enxeñaría Aeroespacial	8,3	Educación Infantil	12,2
Enxeñaría Mecánica	8,3	Educación Primaria	7,8
Administración e Dirección de Empresas	6,5	Tradución e Interpretación	7,2
Bioloxía	5,5	Enfermaría	7,2
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	5,5	Traballo Social	6,9
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	5,1	Belas Artes	6,6
Educación Primaria	4,1	Educación Social	4,1
Enxeñaría da Enerxía	4,1	Bioloxía	3,8
Enxeñaría Informática	3,7	Administración e Dirección de Empresas	3,4
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	3,2	Dereito	3,4

2.3.2.2 Sexo segundo os estudos de grao

Segundo a distribución por sexo, os estudos de grao foron agrupados en cinco categorías: titulacións exclusivamente femininas, con predominio feminino, paritarias[27], exclusivamente masculinas e con predominio masculino.

Titulacións exclusivamente femininas: Graos en Dirección e Xestión Pública e en Turismo.

Titulacións con predominio feminino: En 18 graos da mostra avaliada existe predominio feminino.

[27] Titulacións en que, segundo os criterios da Lei de Paridade, a proporción entre homes e mulleres non son inferiores a 40% nen superiores a 60%.

Cadro nº25. Estudos de grao con predominio feminino

	% Muller
Educación Infantil	95,1
Educación Social	92,9
Enfermaría	92,0
Traballo Social	91,7
Linguas Estranxeiras	90,9
Tradución e Interpretación	85,2
Comercio	83,3
Belas Artes	80,8
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	80,0
Ciencias do Mar	75,0
Educación Primaria	73,5
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	71,4
Enxeñaría Biomédica	70,0
Química	70,0
Dereito	68,8
Relacións Laborais e Recursos Humanos	66,7
Comunicación Audiovisual	66,7
Publicidade e Relacións Públicas	66,7

Titulacións paritarias: En dez graos existe paridade de sexo:

- PCEO Administración e Dirección de Empresas/Dereito
- Bioloxía
- Enxeñaría Forestal
- Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Enxeñaría Agraria
- PCEO Administración e Dirección de Empresas/Enxeñaría Informática
- Ciencias Ambientais
- Administración e Dirección de Empresas
- Fisioterapia
- Enxeñaría en Química Industrial

Titulacións exclusivamente masculinas: Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría en Organización Industrial e en Enxeñaría Eléctrica.

Predominio masculino: Un total de nove títulacións de grao presentan un predominio masculino.

Cadro nº26. Estudos de grao con predominio masculino

	% Home
Enxeñaría Mecánica	94,7
Enxeñaría da Enerxía	90,0
Enxeñaría Informática	88,9
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	84,6
Xeografía e Historia	83,3
Enxeñaría Aeroespacial	72,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	71,4
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	70,0

Economía	70,0

O Cadro nº27 reflicte a distribución porcentual de sexo por titulacións tanto na poboación como na mostra obtida.

Cadro nº27. Distribución de sexo da poboación e mostra segundo os estudos de grao

	Poboación		Mostra	
	Home	Muller	Home	Muller
Administración e Dirección de Empresas	52,8	47,2	56,0	44,0
Belas Artes	22,7	77,3	19,2	80,8
Bioloxía	48,6	51,4	50,0	50,0
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	23,5	76,5	28,6	71,4
Ciencias Ambientais	58,8	41,2	54,5	45,5
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	78,0	22,0	70,0	30,0
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	15,4	84,6	20,0	80,0
Ciencias do Mar	28,1	71,9	25,0	75,0
Comercio	40,5	59,5	16,7	83,3
Comunicación Audiovisual	47,6	52,4	33,3	66,7
Dereito	28,7	71,3	31,3	68,8
Dirección e Xestión Pública	27,8	72,2	0,0	100,0
Economía	61,5	38,5	70,0	30,0
Educación Infantil	11,9	88,1	4,9	95,1
Educación Primaria	35,2	64,8	26,5	73,5
Educación Social	19,1	80,9	7,1	92,9
Enfermaría	16,7	83,3	8,0	92,0
Enxeñaría Aeroespacial	72,5	27,5	72,0	28,0
Enxeñaría Agraria	37,5	62,5	50,0	50,0
Enxeñaría Biomédica	42,9	57,1	30,0	70,0
Enxeñaría da Enerxía	71,4	28,6	90,0	10,0
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	84,5	15,5	84,6	15,4
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	57,1	42,9	50,0	50,0
Enxeñaría Eléctrica	71,4	28,6	100,0	0,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	89,8	10,2	100,0	0,0
Enxeñaría en Organización Industrial	63,8	36,2	100,0	0,0
Enxeñaría en Química Industrial	58,8	41,2	60,0	40,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	75,0	25,0	71,4	28,6
Enxeñaría Forestal	56,5	43,5	50,0	50,0
Enxeñaría Informática	85,7	14,3	88,9	11,1
Enxeñaría Mecánica	91,0	9,0	94,7	5,3
Fisioterapia	52,0	48,0	58,3	41,7
Linguas Estranxeiras	13,8	86,2	9,1	90,9
PCEO ADE/Dereito	35,2	64,8	38,5	61,5
PCEO ADE/Enxeñaría Informática	50,0	50,0	50,0	50,0
Publicidade e Relacións Públicas	27,3	72,7	33,3	66,7
Química	31,0	69,0	30,0	70,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	28,6	71,4	33,3	66,7
Traballo Social	21,4	78,6	8,3	91,7
Tradución e Interpretación	17,9	82,1	14,8	85,2
Turismo	50,0	50,0	0,0	100,0
Xeografía e Historia	63,6	36,4	83,3	16,7

2.3.3 Idade

A idade media das persoas graduadas no curso 2021/2022 supera os 30 anos en na mostra obtida en Dirección e Xestión Pública (36,25 anos), Enxeñaría Agraria (35,00), Relacións

O emprego a tempo parcial extinguiuse en 10 das 42 titulacións de grao avaliadas: Ciencias Ambientais, Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Enfermaría, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría en Química Industrial, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Enxeñaría Forestal, Enxeñaría Mecánica, PCEO Administración e Dirección de Empresas/Dereito e en Xeografía e Historia. A parcialidade viuse reducida noutras 17 titulacións de grao, mormente en Educación Social (78,0%), Ciencias da Actividade Física

e do Deporte (68,8%), Enxeñaría Biomédica (66,7%), Bioloxía (64,3%) e en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunciación (63,6%).

Porén, a taxa de parcialidade rexistrouse pola primeira vez nos graduados/as en Ciencias do Mar (33,3%) e en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (22,2%), aumentando 10,1% en Educación Primaria.

Cadro nº430. Evolución da xornada a tempo parcial segundo os estudos de grao realizados

	12 meses	Actual	Var.
Administración e Dirección de Empresas	23,5	11,1	-52,8
Belas Artes	66,7	42,9	-35,7
Bioloxía	40,0	14,3	-64,3
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,0	0,0	=
Ciencias Ambientais	20,0	0,0	-100,0
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	80,0	25,0	-68,8
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	100,0	0,0	-100,0
Ciencias do Mar	0,0	33,3	>>
Comercio	0,0	0,0	=
Comunicación Audiovisual	50,0	33,3	-33,4
Dereito	33,3	22,2	-33,3
Dirección e Xestión Pública	0,0	0,0	=
Economía	0,0	0,0	=
Educación Infantil	85,7	71,4	-16,7
Educación Primaria	63,6	70,0	10,1
Educación Social	45,5	10,0	-78,0
Enfermaría	9,1	0,0	-100,0
Enxeñaría Aeroespacial	10,0	5,6	-44,0
Enxeñaría Agraria	0,0	0,0	=
Enxeñaría Biomédica	33,3	11,1	-66,7
Enxeñaría da Enerxía	0,0	0,0	=
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	25,0	9,1	-63,6
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,0	0,0	=
Enxeñaría Eléctrica	33,3	0,0	-100,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	0,0	22,2	>>
Enxeñaría en Organización Industrial	0,0	0,0	=
Enxeñaría en Química Industrial	25,0	0,0	-100,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	33,3	0,0	-100,0
Enxeñaría Forestal	11,1	0,0	-100,0
Enxeñaría Informática	0,0	0,0	=
Enxeñaría Mecánica	35,7	0,0	-100,0
Fisioterapia	50,0	33,3	-33,4
Linguas Estranxeiras	66,7	50,0	-25,0
PCEO Administración e Dirección de Empresas/Dereito	25,0	0,0	-100,0
PCEO Administración e Dirección de Empresas/Enxeñaría Informática	0,0	0,0	=
Publicidade e Relacións Públicas	28,6	16,7	-41,6
Química	0,0	0,0	=
Relacións Laborais e Recursos Humanos	28,6	14,3	-50,0
Traballo Social	62,5	26,7	-57,3
Tradución e Interpretación	50,0	38,5	-23,0
Turismo	-	-	-
Xeografía e Historia	33,3	0,0	-100,0

9.7 Evolución dos ingresos

Para avaliar a evolución dos ingresos mensais netos, dada a heteroxeneidade dos datos recollidos, considerarase a mediana dos valores por seren os mais representativos da realidade avaliada neste estudo.

9.7.1 Resultados globais e por sexo

No período avaliado os ingresos mensais netos medianos das persoas graduadas no curso 2021/2022 experimentaron un crecemento do 16,8%, máis en homes (19,7%) que en mulleres (15,0%).

Cadro nº431. Evolución dos ingresos das persoas tituladas

	Global			Home			Muller		
	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.
Ingreso medio	1198,98	1399,80	16,7	1234,53	1516,81	22,9	1171,83	1304,82	11,3
Ingreso mediano	1155,24	1349,18	16,8	1205,95	1443,66	19,7	1102,65	1267,83	15,0

9.7.2 Evolución dos ingresos segundo o lugar do traballo

O crecemento dos ingresos foi maior no estranxeiro (18,4%) e en Galicia (18,4%) que noutras comunidades autónomas (7,3%).

Cadro nº432. Evolución dos ingresos segundo o lugar do traballo

	Ingreso medio			Ingreso mediano		
	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.
Galicia	1165,82	1361,01	16,7	1113,41	1313,44	18,0
Outra comunidade autónoma	1347,86	1419,87	5,3	1323,88	1420,61	7,3
Resto do mundo	1539,33	2135,12	38,7	1584,13	1875,25	18,4

9.7.3 Evolución dos ingresos segundo a rama de coñecemento

O aumento xeneralizado dos ingresos mensais non se produciu entre as persoas graduadas en Ciencias da Saúde, cunha baixada de 6,2%. O crecemento dos ingresos foi maior en Artes e Humanidades I (52,7%), Xurídico-Social IV (37,0%), Tecnolóxica (25,8%) e Xurídico-Social III (24,2%).

Cadro nº433. Evolución dos ingresos segundo a rama de coñecemento

	Ingreso medio			Ingreso mediano		
	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.
Artes e Humanidades	900,81	1108,95	23,1	865,65	1084,17	25,2
Artes e Humanidades I	788,77	992,69	25,9	688,13	1050,90	52,7
Artes e Humanidades II	968,61	1157,57	19,5	944,56	1100,80	16,5
Ciencias da Saúde	1750,50	1681,56	-3,9	1700,60	1594,56	-6,2
Científico	1209,48	1298,89	7,4	1222,78	1292,08	5,7
Tecnolóxico	1339,90	1636,11	22,1	1294,53	1628,40	25,8
Xurídico-Social	1029,77	1236,65	20,1	1006,31	1202,35	19,5
Xurídico-Social I	1213,34	1501,88	23,8	1181,19	1353,24	14,6
Xurídico-Social II	1107,64	1236,00	11,6	1084,17	1205,14	11,2
Xurídico-Social III	936,89	1129,21	20,5	893,07	1109,48	24,2
Xurídico-Social IV	895,91	1108,15	23,7	821,79	1125,75	37,0

9.7.4 Evolución dos ingresos segundo os estudos de grao

Houbo un aumento dos ingresos mensais netos en 35 das 42 titulacións de grao avaliadas, mormente en Enxeñaría Eléctrica (133,2%), Enxeñaría en Organización Industrial (100,0%), Enxeñaría Agraria (83,4%), Dirección e Xestión Pública (75,1%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte (73,3%), Belas Artes (66,7%) e en Traballo Social (50,4%). Polo contrario, cairon os ingresos das persoas graduadas en 4 titulacións: Enxeñaría Aeroespacial (15,6%), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (10,6%), Enfermaría (3,8%) e en Fisioterapia (1,6%).

Cadro nº434. Evolución dos ingresos segundo os estudos de grao realizados

	Ingreso medio			Ingreso mediano		
	12 meses	Actual	Var.	12 meses	Actual	Var.
Administración e Dirección de Empresas	1279,91	1574,03	23,0	1195,06	1406,44	17,7
Belas Artes	600,25	815,35	35,8	500,00	833,67	66,7
Bioloxía	1086,40	1194,94	10,0	1125,75	1219,31	8,3
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	1450,50	1450,50	0,0	1584,17	1416,83	-10,6
Ciencias Ambientais	1000,50	1167,17	16,7	1000,00	1167,33	16,7
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	720,50	1050,50	45,8	625,75	1084,17	73,3
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	750,50	1500,50	99,9	750,50	1000,00	33,2
Ciencias do Mar	1250,50	1417,17	13,3	1250,50	1500,00	20,0
Comercio	1333,83	2000,50	50,0	1333,67	1500,00	12,5
Comunicación Audiovisual	750,50	1025,42	36,6	750,50	1000,00	33,2
Dereito	917,17	1164,33	26,9	875,25	1063,38	21,5
Dirección e Xestión Pública	1250,50	1750,50	40,0	1000,00	1750,50	75,1
Economía	1000,50	1008,75	0,8	1000,00	1000,00	0,0
Educación Infantil	870,30	924,24	6,2	667,33	719,31	7,8
Educación Primaria	930,40	1035,04	11,2	875,25	1050,90	20,1
Educación Social	1090,91	1350,50	23,8	1156,94	1333,67	15,3
Enfermaría	2045,95	1879,13	-8,2	1950,10	1875,25	-3,8
Enxeñaría Aeroespacial	1550,50	1367,84	-11,8	1600,80	1350,30	-15,6
Enxeñaría Agraria	2000,50	2750,50	37,5	1500,00	2750,50	83,4
Enxeñaría Biomédica	1333,83	1639,39	22,9	1250,50	1650,70	32,0
Enxeñaría da Enerxía	1250,50	1464,79	17,1	1250,50	1350,30	8,0
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	1458,83	1917,17	31,4	1572,29	1857,43	18,1
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	1125,50	1375,50	22,2	1000,00	1500,00	50,0
Enxeñaría Eléctrica	750,50	1750,50	133,2	750,50	1750,50	133,2
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	1313,00	1562,88	19,0	1300,40	1584,17	21,8
Enxeñaría en Organización Industrial	1375,50	2000,50	45,4	1000,00	2000,00	100,0
Enxeñaría en Química Industrial	875,50	1250,50	42,8	833,67	1250,50	50,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	1417,17	1950,50	37,6	1375,25	1750,50	27,3
Enxeñaría Forestal	1438,00	1679,07	16,8	1416,83	1416,83	0,0
Enxeñaría Informática	1650,50	1750,50	6,1	1416,83	1700,00	20,0
Enxeñaría Mecánica	1198,80	1611,61	34,4	1150,70	1572,29	36,6
Fisioterapia	1208,83	1250,50	3,4	1143,57	1125,75	-1,6
Linguas Estranxeiras	853,75	914,78	7,1	833,67	875,25	5,0
PCEO ADE/Dereito	1150,44	1313,00	14,1	1200,60	1300,40	8,3
PCEO ADE/Enxeñaría Informática	1250,50	1500,50	20,0	1250,50	1500,00	20,0
Publicidade e Relacións Públicas	950,44	1250,50	31,6	875,25	1250,50	42,9
Química	1250,50	1350,50	8,0	1250,50	1375,25	10,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	1107,64	1179,07	6,4	1084,17	1208,92	11,5
Traballo Social	1035,74	1417,17	36,8	964,36	1450,10	50,4
Tradución e Interpretación	1030,43	1256,35	21,9	1042,58	1179,21	13,1
Xeografía e Historia	1417,17	1583,83	11,8	1375,25	1625,75	18,2

10. Comparativa dos resultados do curso 2021/2022 cos obtidos en estudos anteriores

O estudos da inserción laboral dos graduados/as da UVigo nos cursos 2018/2019, 2019/2020 e 2020/2021 realizados polo Observatorio de Persoas Tituladas permiten analizar a evolución dos aspectos máis importantes do proceso de empregabilidade das persoas tituladas.

A seguir desenvólvense as comparativas cos anteriores estudos nos principais resultados recollidos no presente informe en aspectos como a situación do mercado de traballo, a procura de emprego (tempo de procura de emprego e de arranxar emprego), graduados/as que continúan os seus estudos, preparan oposicións, características do emprego na altura de responder a enquisa (lugar do traballo, modalidade de contratación, tipoloxía de contrato, categoría profesional e ingresos), a valoración do traballo (relación entre o emprego e estudos realizados e entre o nivel académico adquirido na UVigo) e a satisfacción co itinerario académico no que atinxe á satisfacción global cos estudos de grao realizados e se os recomendaría.

10.1 Datos persoais

Este apartado aborda unha comparativa cos estudos anteriores sobre o sexo e lugar de residencia na altura de responder a enquisa da poboación titulada en estudos oficiais de grao da UVigo.

10.1.1 Sexo

Nos estudos de inserción laboral realizados a porcentaxe de mulleres é superior á dos homes, pasando dunha situación de sobrerrepresentación no curso académico 2018/2019 á paridade a partir do 2019/2020.

Cadro nº 435. Evolución da mostra avaliada segundo o sexo

	Home	Muller
2018/2019	34,3	65,7
2019/2020	40,5	59,5
2020/2021	41,6	58,4
2021/2022	40,5	59,5

10.1.2 Lugar de residencia

O Cadro nº436 mostra a evolución do lugar de residencia das persoas tituladas nos estudos de inserción laboral realizados a catro promocións de graduados/as da UVigo.

Cadro nº 436. Evolución do lugar de residencia

	Galicia	Outra comunidade autónoma	Resto do mundo
2018/2019	87,4	9,0	3,6
2019/2020	83,9	11,9	4,2
2020/2021	83,7	11,1	5,2
2021/2022	84,1	12,9	3,0

10.2 Datos académicos

Apartado devotado á comparativa cos estudos anteriores sobre a información académica en aspectos como a rama de coñecemento, estudos de grao realizados e a realización dunha titulación adicional, quer de grao, quer de ciclos extinguidos, quer de mestrado universitario.

10.2.1 Rama de coñecemento

Evolución das mostras avaliadas de persoas tituladas en estudos de grao da UVigo entre os cursos 2018/2019 e 2021/2022 segundo a súa rama de coñecemento.

Cadro nº 437. Evolución da rama de coñecemento

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Artes e Humanidades I	6,8	4,1	4,4	6,0
Artes e Humanidades II	5,9	6,9	8,3	8,0
Ciencias da Saúde	6,1	6,8	8,8	6,9
Científica	12,4	9,3	9,0	11,2
Tecnolóxica	23,4	27,0	25,8	25,4
Xurídico-Social I	9,3	9,1	8,8	9,3
Xurídico-Social II	6,8	8,4	6,7	6,7
Xurídico-Social III	20,9	21,3	19,4	22,9
Xurídico-Social IV	8,7	7,2	8,8	3,5

10.2.1.1 Rama de coñecemento segundo o sexo

En xeral existe sobrerrepresenación feminina nas ramas de coñecemento avaliadas, salvo na Tecnolóxica, con predominio masculino superior a 70%, e presenza paritaria en estudos das ramas Xurídico-Social I e Científica (curso 2021/2022).

Cadro nº 438. Evolución da presenza feminina segundo a rama de coñecemento

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Artes e Humanidades I	67,5	66,7	64,7	68,8
Artes e Humanidades II	91,4	84,3	81,3	86,0
Ciencias da Saúde	83,3	72,0	79,4	75,7
Científica	71,2	65,2	77,4	58,3
Tecnolóxica	31,6	26,6	25,0	23,5
Xurídico-Social I	58,2	56,7	38,2	50,0
Xurídico-Social II	65,0	66,1	65,4	69,4
Xurídico-Social III	82,9	77,7	78,7	82,9
Xurídico-Social IV	84,3	77,4	61,8	68,4

10.2.2 Estudos de grao realizados

O Cadro nº439 reflicte a distribución porcentual das mostras avaliadas segundo os estudos de grao realizados.

Cadro nº 439. Evolución das titulacións de grao

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Administración e Dirección de Empresas	6,79	5,69	5,43	4,66
Belas Artes	5,26	3,52	3,36	4,85
Bioloxía	4,41	2,30	2,07	4,48
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,85	1,22	1,29	1,31
Ciencias Ambientais	1,36	1,49	1,29	2,05
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	2,04	2,57	1,81	1,87
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	1,19	0,54	2,07	0,93

Ciencias do Mar	1,87	2,57	1,55	1,49
Comercio	1,53	1,49	2,07	1,12
Comunicación Audiovisual	2,55	2,30	1,81	1,68
Consultoría e Xestión da Información[55]	-	-	-	-
Dereito	1,87	2,71	3,36	2,99
Dirección e Xestión Pública	1,7	0,95	0,52	0,75
Economía	1,02	1,9	1,29	1,87
Educación Infantil	6,62	6,91	6,72	7,65
Educación Primaria	6,28	6,78	5,17	6,34
Educación Social	3,57	3,12	2,58	2,61
Enfermaría	4,07	5,15	5,68	4,66
Enxeñaría Aeroespacial[56]	-	2,17	1,03	4,66
Enxeñaría Agraria	0,85	0,68	0,78	0,37
Enxeñaría Biomédica[57]	-	-	-	1,87
Enxeñaría da Enerxía	0,85	2,03	2,58	1,87
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	5,43	3,93	2,58	2,43
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,34	0,81	0,78	0,75
Enxeñaría Eléctrica	1,19	0,54	2,58	0,56
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	2,55	3,12	2,58	2,24
Enxeñaría en Organización Industrial	1,87	1,49	2,07	0,93
Enxeñaría en Química Industrial	1,02	0,54	0,78	0,93
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	2,21	2,30	3,10	1,31
Enxeñaría Forestal	1,19	1,49	1,81	1,87
Enxeñaría Informática	2,38	2,85	2,07	1,68
Enxeñaría Mecánica	3,23	4,74	2,84	3,54
Estudos de Galego e Español[58]	-	0,14	-	-
Fisioterapia	2,04	1,63	3,10	2,24
Linguas Estranxeiras	1,36	1,22	1,03	2,05
PCEO ADE/Dereito	1,19	1,76	1,55	2,43
PCEO ADE/Enxeñaría Informática[59]	-	0,27	0,26	0,37
Publicidade e Relacións Públicas	4,92	3,25	5,43	1,68
Química	3,90	1,76	1,84	1,87
Relacións Laborais e Recursos Humanos	2,04	2,98	1,29	2,24
Traballo Social	2,38	1,9	3,1	4,48
Tradución e Interpretación	3,4	5,01	5,17	5,04
Turismo	1,19	1,63	1,55	0,19
Xeografía e Historia	1,53	0,54	1,03	1,12

10.2.3 Estudos adicionais

Alén da titulación avaliada, no curso 2021/2022 produciuse unha diminución da porcentaxe de graduados/as con outra titulación universitaria de grao ou de ciclos extinguidos, manténdose constante os que realizaron estudos de mestrado universitario.

Cadro nº 440. Evolución dos estudos adicionais

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Estudos de grao/ciclos	8,0	5,6	5,2	3,2
Mestrado universitario	43,6	43,2	40,1	40,5

[55] Estudos sen mostra no curso 2018/2019 e extinguidos no curso 2021/2022.
[56] Estudos de recente implantación (primeira promoción de persoas graduadas).
[57] Estudos de recente implantación (primeira promoción de persoas graduadas)
[58] Sen mostra no curso 2018/2019.
[59] Estudos de recente implantación (primeira promoción de persoas graduadas).

10.3 Situación actual

Comparativa da situación das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao na altura de responder a enquisa segundo a súa situación no mercado de traballo, estudan e/ou preparan oposicións.

10.3.1 Situación do mercado de traballo

A distribución de persoas graduadas inquiridas en situación de desemprego na altura de responder a enquisa segue unha tendencia decrecente até o curso 2020/2021, baixando de 70% a taxa de ocupación no curso 2021/2022.

Cadro nº 441. Evolución da situación do mercado de traballo

	Emprego	Desemprego	Inactividade
2018/2019	71,6	11,0	17,3
2019/2020	73,3	10,0	16,7
2020/2021	71,3	8,5	20,2
2021/2022	68,8	11,4	19,8

10.3.2 Taxa de ocupación

A situación de emprego ou taxa de ocupación defínese como a suma da porcentaxe de persoas graduadas que traballan por conta allea na empresa privada e no sector público, empresarios/as (titulares dunha empresa), traballadores/as autónomos/as, estudan e traballan, preparan oposicións e traballen e están de baixa/excedencia profesional.

10.3.2.1 Taxa de ocupación segundo o sexo

A ocupación masculina supera a feminina nas promocións de persoas graduadas avaliadas, reducíndose o diferencial entre sexos no curso 2021/2022 a respecto do anterior.

Cadro nº 442. Evolución da taxa de ocupación por sexo

	Home	Muller
2018/2019	76,2	69,3
2019/2020	75,6	71,8
2020/2021	82,0	63,7
2021/2022	77,0	63,3

10.3.2.2 Taxa de ocupación segundo o lugar de residencia

En toda a secuencia avaliada a proporción de persoas que traballan en Galicia é inferior á rexistrada nas outras áreas xeográficas. Nas dúas últimas promocións analizadas rexistrouse unha baixada significativa da taxa de ocupación de residentes noutras comunidades autónomas e unha estagnación no estranxeiro até atinxir os valores da promoción 2018/2019.

Cadro nº 443. Evolución da taxa de ocupación segundo o lugar de residencia

	2018/2019	2019/20208	2020/2021	2021/2022
Galicia	69,3	71,8	68,8	66,7
Outra comunidade autónoma	81,1	79,8	86,0	79,7
Resto do mundo	81,0	83,9	80,0	81,3

10.3.2.3 Taxa de ocupación segundo a rama de coñecemento

A taxa de ocupación mantense por volta de 85% nos graduados/as nas ramas de Ciencias da Saúde e Tecnolóxica. No curso 2021/2022 quebrouse a tendencia crecente da ocupación na rama Científica, a decrecente na Xurídico-Social II, manténdose constante na Xurídico-Social I.

Cadro nº 444. Evolución da tasa de ocupación segundo a rama de coñecemento

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Artes e Humanidades	54,7	45,7	53,1	57,3
Artes e Humanidades I	42,5	43,3	41,2	46,9
Artes e Humanidades II	68,6	47,1	59,4	65,1
Ciencias da Saúde	91,7	98,0	91,2	97,3
Científico	56,2	60,9	68,3	58,3
Tecnolóxico	91,9	86,9	90,0	86,0
Xurídico-Social	67,7	70,8	62,1	60,5
Xurídico-Social I	69,1	76,1	73,5	74,0
Xurídico-Social II	65,0	69,4	46,2	58,3
Xurídico-Social III	65,0	65,6	60,0	55,3
Xurídico-Social IV	74,5	81,1	67,6	63,2

10.3.2.4 Taxa de ocupación segundo os estudos de grao

O Cadro nº445 reflicte a evolución da taxa de ocupación das persoas graduadas entre os cursos 2018/2019 e 2021/2022 segundo as titulacións de grao realizadas.

Cadro nº 445. Evolución da taxa de ocupación segundo os estudos de grao

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Administración e Dirección de Empresas	67,5	83,3	76,2	72,0
Belas Artes	38,7	46,2	38,5	46,2
Bioloxía	53,8	52,9	62,5	41,7
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	40,0	66,7	80,0	85,7
Ciencias Ambientais	50,0	63,6	80,0	72,7
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	50,0	94,7	85,7	60,0
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	71,4	25,0	50,0	20,0
Ciencias do Mar	54,5	52,6	100,0	75,0
Comercio	77,8	72,7	50,0	100,0
Comunicación Audiovisual	73,3	76,5	42,9	55,6
Dereito	45,5	45,0	53,8	56,3
Dirección e Xestión Pública	80,0	85,7	50,0	75,0
Economía	66,7	57,1	100,0	60,0
Educación Infantil	59,0	64,7	34,6	58,5
Educación Primaria	64,9	56,0	60,0	38,2
Educación Social	81,0	56,5	90,0	71,4
Enfermaría	91,7	97,4	90,9	100,0
Enxeñaría Aeroespacial		93,8	50,0	80,0
Enxeñaría Agraria	100,0	100,0	66,7	100,0
Enxeñaría Biomédica	-	-	-	90,0
Enxeñaría da Enerxía	60,0	86,7	80,0	70,0
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	93,8	89,7	100,0	92,3
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	50,0	100,0	100,0	100,0
Enxeñaría Eléctrica	100,0	75,0	90,0	66,7
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	100,0	87,0	90,0	100,0
Enxeñaría en Organización Industrial	100,0	90,9	87,5	100,0
Enxeñaría en Química Industrial	83,3	75,0	100,0	60,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	84,6	64,7	83,3	71,4
Enxeñaría Forestal	85,7	81,8	100,0	80,0

Enxeñaría Informática	92,9	100,0	100,0	88,9
Enxeñaría Mecánica	94,7	82,9	100,0	94,7
Estudos de Galego e Español		100,0	-	-
Fisioterapia	91,7	100,0	91,7	91,7
Linguas Estranxeiras	87,5	44,4	75,0	81,8
PCEO ADE/Enxeñaría Informática		100,0	s/e	
PCEO ADE/Dereito	100,0	61,5	50,0	69,2
Publicidade e Relacións Públicas	75,9	83,3	71,4	66,7
Química	65,2	76,9	45,5	50,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	50,0	90,9	20,0	58,3
Traballo Social	71,4	78,6	75,0	62,5
Tradución e Interpretación	60,0	48,6	60,0	66,7
Turismo	71,4	83,3	83,3	100,0
Xeografía e Historia	55,6	25,0	50,0	50,0

10.3.3 Desemprego

O desemprego reflicte a porcentaxe de persoas tituladas que na altura de responder a enquisa estaban desempregadas e á procura de emprego.

10.3.3.1 Desemprego segundo o sexo

Na última promoción avaliada, segundo mostra o Cadro nº446, rexistrouse un notábel aumento do desemprego feminino, triplicando case o masculino.

Cadro nº 446. Evolución do desemprego segundo o sexo

	Home	Muller
2018/2019	7,4	12,9
2019/2020	9,0	10,7
2020/2021	5,0	11,1
2021/2022	6,0	15,0

10.3.3.2 Desemprego segundo o lugar de residencia

No curso 2021/2022 produciuse un aumento do desemprego das persoas graduadas residentes en Galicia, unha estagnación noutras comunidades autónomas e a súa expiración, como no curso 2019/2020, no estranxeiro.

Cadro nº 447. Evolución do desemprego segundo o lugar de residencia

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Galicia	11,8	10,7	9,6	13,1
Outra comunidade autónoma	5,7	9,0	2,3	2,9
Resto do mundo	4,8	0,0	5,0	0,0

10.3.3.3 Desemprego segundo a rama de coñecemento

Desde o curso 2019/2020 non se rexistra desemprego nas persoas graduadas en estudos en Ciencias da Saúde. No curso 2021/2022 apenas diminúe o desempreog en Artes e Humanidades I, aumentando no resto de ramas avalidadas.

Cadro nº 448. Evolución do desemprego segundo a rama de coñecemento

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Artes e Humanidades	22,7	18,5	16,3	14,7
Artes e Humanidades I	27,5	23,3	29,4	15,6
Artes e Humanidades II	17,1	15,7	9,4	14,0
Ciencias da Saúde	2,8	0,0	0,0	0,0
Científico	13,7	14,5	11,4	18,3

Tecnolóxico	1,5	5,0	2,0	3,7
Xurídico-Social	13,0	11,5	11,2	14,9
Xurídico-Social I	16,4	6,0	2,9	6,0
Xurídico-Social II	10,0	4,8	11,5	22,2
Xurídico-Social III	9,8	16,6	12,0	14,6
Xurídico-Social IV	19,6	11,3	17,6	26,3

10.3.3.4 Desemprego segundo os estudos de grao

No curso 2021/2022 quebrouse a tendencia crecente do número de titulacións de grao sen desemprego, pasando de 16 en 40 titulacións no curso 2018/2019, 19 en 42 en 2019/2020, 25 en 41 en 2020/2021 a 16 en 42 en 2021/2022.

Máis concretamente non rexistraron desemprego as persoas graduadas en Enxeñaría Agraria, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría en Organización Industrial, Enxeñaría Informática e en Fisioterapia.

Cadro nº 449. Evolución do desemprego segundo os estudos de grao

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Administración e Dirección de Empresas	20,0	9,5	0,0	4,0
Belas Artes	29,0	26,9	38,5	19,2
Bioloxía	11,5	17,6	25,0	20,8
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	20,0	0,0	0,0	14,3
Ciencias Ambientais	0,0	9,1	20,0	18,2
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	16,7	0,0	0,0	30,0
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	28,6	50,0	25,0	40,0
Ciencias do Mar	27,3	26,3	0,0	12,5
Comercio	0,0	0,0	12,5	0,0
Comunicación Audiovisual	13,3	11,8	28,6	44,4
Dereito	0,0	5,0	7,7	25,0
Dirección e Xestión Pública	0,0	0,0	0,0	25,0
Economía	16,7	0,0	0,0	10,0
Educación Infantil	5,1	21,6	26,9	9,8
Educación Primaria	5,4	14,0	10,0	5,9
Educación Social	14,3	30,4	0,0	21,4
Enfermaría	4,2	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría Aeroespacial		0,0	25,0	0,0
Enxeñaría Agraria	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría Biomédica	-	-	-	0,0
Enxeñaría da Enerxía	0,0	0,0	10,0	20,0
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	0,0	3,4	0,0	0,0
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría Eléctrica	0,0	0,0	0,0	33,3
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	0,0	8,7	0,0	0,0
Enxeñaría en Organización Industrial	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría en Química Industrial	16,7	25,0	0,0	0,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	0,0	17,6	0,0	0,0
Enxeñaría Forestal	14,3	0,0	0,0	10,0
Enxeñaría Informática	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría Mecánica	0,0	8,6	0,0	5,3
Estudos de Galego e Español		0,0	-	-
Fisioterapia	0,0	0,0	0,0	0,0
Linguas Estranxeiras	12,5	11,1	0,0	9,1
PCEO ADE/Dereito	0,0	0,0	0,0	15,4
PCEO ADE/Enxeñaría Informática	-	0,0	s/e	0,0
Publicidade e Relacións Públicas	20,7	12,5	14,3	11,1
Química	13,0	7,7	9,1	20,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	33,3	9,1	40,0	16,7
Traballo Social	21,4	7,1	0,0	25,0

Tradución e Interpretación	15,0	13,5	5,0	11,1
Turismo	28,6	8,3	16,7	0,0
Xeografía e Historia	22,2	0,0	0,0	0,0

10.3.4 Taxa de inactividade

A taxa de inactividade reflicte a porcentaxe de persoas tituladas que na altura de responder a enquisa estaban a estudar e/ou a preparar oposicións a tempo completo, ao coidado familiar ou xubiladas, pensionistas ou con invalidez.

10.3.4.1 Taxa de inactividade segundo o sexo

Consoante o Cadro nº450, no curso 2021/2022 quebrouse a tendencia decrecente masculina, ben como a crecente feminina.

Cadro nº 450. Evolución da taxa de inactividade segundo o sexo

	Home	Muller
2018/2019	16,3	17,8
2019/2020	15,4	17,5
2020/2021	13,0	25,2
2021/2022	17,1	21,6

10.3.4.2 Taxa de inactividade segundo o lugar de residencia

Galicia experimentou no curso 2021/2022 unha leve baixada da inactividade contra o seu aumento noutras comunidades autónomas e no estranxeiro até atinxir os máximos da secuencia histórica.

Cadro nº 451. Evolución da taxa de inactividade segundo o lugar de residencia

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Galicia	18,8	17,5	21,6	20,2
Outra comunidade autónoma	13,2	11,2	11,6	17,4
Resto do mundo	14,3	16,1	15,0	18,8

10.3.4.3 Taxa de inactividade segundo a rama de coñecemento

No curso 2021/2022 a taxa de inactividade baixou de forma considerábel en Artes e Humanidades II, Ciencias da Saúde, Xurídico-Social II. Polo contrario, aumentou significativamente en Artes e Humanidades I (de 29,4% a 37,5%).

Cadro nº 452. Evolución da taxa de inactividade segundo a rama de coñecemento

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Artes e Humanidades	22,7	35,8	30,6	28,0
Artes e Humanidades I	30,0	33,3	29,4	37,5
Artes e Humanidades II	14,3	37,3	31,3	20,9
Ciencias da Saúde	5,6	2,0	8,8	2,7
Científico	30,1	24,6	20,0	23,3
Tecnolóxico	6,6	8,0	8,0	10,3
Xurídico-Social	19,3	17,7	26,6	24,6
Xurídico-Social I	14,5	17,9	23,5	20,0
Xurídico-Social II	25,0	25,8	42,3	19,4
Xurídico-Social III	25,2	17,8	28,0	30,1
Xurídico-Social IV	5,9	7,5	14,3	10,5

10.3.4.4 Taxa de inactividade segundo os estudos de grao

O número de titulacións de grao sen inactividade confirma tendencia crecente rexistrada na promoción anterior, pasando de 10 en 39 títulos en 2018/2019, 8 en 42 en 2019/2020, 11 en 41 en 2020/2021 a 13 en 42 no curso 2021/2022 .

Cadro nº 453. Evolución da taxa de inactividade segundo os estudos de grao

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Administración e Dirección de Empresas	12,5	7,1	23,8	24,0
Belas Artes	32,3	26,9	23,1	34,6
Bioloxía	34,6	29,4	12,5	37,5
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	40,0	33,3	20,0	0,0
Ciencias Ambientais	50,0	27,3	0,0	9,1
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	33,3	5,3	14,3	10,0
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	0,0	25,0	25,0	40,0
Ciencias do Mar	18,2	21,1	0,0	12,5
Comercio	22,2	27,3	37,5	0,0
Comunicación Audiovisual	13,3	11,8	28,6	0,0
Dereito	54,5	50,0	38,5	18,8
Dirección e Xestión Pública	20,0	14,3	50,0	0,0
Economía	16,7	42,9	0,0	30,0
Educación Infantil	35,9	13,7	38,5	31,7
Educación Primaria	29,7	30,0	30,0	55,9
Educación Social	4,8	13,0	10,0	7,1
Enfermaría	4,2	2,6	9,1	0,0
Enxeñaría Aeroespacial	-	6,3	25,0	20,0
Enxeñaría Agraria	0,0	0,0	33,3	0,0
Enxeñaría Biomédica	-	-	-	10,0
Enxeñaría da Enerxía	40,0	13,3	10,0	10,0
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	6,3	6,9	0,0	7,7
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	50,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría Eléctrica	0,0	25,0	10,0	0,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	0,0	4,3	10,0	0,0
Enxeñaría en Organización Industrial	0,0	9,1	12,5	0,0
Enxeñaría en Química Industrial	0,0	0,0	0,0	40,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	15,4	17,6	16,7	28,6
Enxeñaría Forestal	0,0	18,2	0,0	10,0
Enxeñaría Informática	7,1	0,0	0,0	11,1
Enxeñaría Mecánica	5,3	8,6	0,0	0,0
Estudos de Galego e Español	-	0,0	-	-
Fisioterapia	8,3	0,0	8,3	8,3
Linguas Estranxeiras	0,0	44,4	25,0	9,1
PCEO ADE /Dereito	0,0	38,5	50,0	15,4
PCEO ADE /Enxeñaría Informática	-	0,0	s/e	0,0
Publicidade e Relacións Públicas	3,4	4,2	14,3	22,2
Química	21,7	15,4	45,5	30,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	16,7	0,0	40,0	25,0
Traballo Social	7,1	14,3	25,0	12,5
Tradución e Interpretación	25,0	37,8	35,0	22,2
Turismo	0,0	8,3	0,0	0,0
Xeografía e Historia	22,2	75,0	50,0	50,0

10.3.5 Cursa estudos universitarios

A evolución global e por sexos da porcentaxe de persoas graduadas da UVigo que estaban a estudar na altura de responder a enquisa aumenta no curso 2021/2022, significativamente máis en homes que en mulleres, tornando significativa a diferenza entre sexos.

Cadro nº 454. Evolución das persoas graduadas que cursan estudos universitarios

	Estuda	Home	Muller
2018/2019	12,4	11,4	12,9
2019/2020	11,4	12,0	10,9
2020/2021	12,2	12,4	11,9
2021/2022	15,5	18,5	13,5

10.3.6 Prepara oposicións

A preparación de oposicións non experimenta mudanzas significativas no período avaliado tanto a nível global como por sexos. Nos catro cursos académicos avaliados existe unha maior proporción de mulleres a preparar oposicións.

Cadro nº 455. Evolución das persoas tituladas que preparan oposicións

	Prepara oposicións	Home	Muller
2018/2019	12,4	8,9	14,2
2019/2020	11,2	8,4	13,2
2020/2021	12,1	5,6	16,8
2021/2022	12,3	7,8	14,5

10.4 Procura de emprego

Este apartado aborda dúas variábeis sobre a procura de emprego: o tempo de procura de traballo das persoas desempregadas na altura de responder a enquisa e o tempo en arranxar emprego logo de se graduar na UVigo.

10.4.1 Tempo de procura de emprego

No período avaliado produciuse unha diminución do tempo de procura de emprego, estabilizándose por volta dos 9 meses a partir da promoción 2019/2020 e repontando o emprego de moi longa duración no curso 2021/2022 (3,6%).

Cadro nº 456. Evolución do tempo de procura de emprego

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
0-6 meses	45,8	69,4	53,1	50,0
6-12 meses	25,4	12,5	28,1	35,7
12-18 meses	10,2	4,2	3,1	1,8
18-24 meses	11,9	5,6	15,6	8,9
24-30 meses	0,0	2,8	0,0	0,0
Máis de 30 meses	6,8	5,6	0,0	3,6
Tempo medio (meses)	10,69	9,00	9,27	9,04

10.4.1.1 Tempo de procura de emprego segundo o sexo

No período avaliado o tempo de procura de emprego masculino experimentou unha evolución continuadamente decrecente até o curso 2021/2022. A evolución do tempo de procura feminino é máis irregular.

Cadro nº 457. Evolución do tempo de procura desemprego segundo o sexo

	Home	Muller
2018/2019	11,92	10,35
2019/2020	9,16	8,91
2020/2021	5,72	10,44
2021/2022	11,58	8,34

10.4.1.2 Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento

O tempo de procura de emprego mostrou no curso 2021/2022 unha tendencia decrecente entre os graduados/as nas ramas Xurídico-Social III (de 15,44 a 7,86 meses) e en Artes e Humanidades II (de 12,00 a 9,83 meses), aumentando de forma considerábel na Científica (de 7,25 a 12,50 meses) e Tecnolóxica (de 1,00 a 5,00 meses).

Cadro nº 458. Evolución do tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Artes e Humanidades	12,37	7,21	8,57	9,00
Artes e Humanidades I	15,10	9,86	6,00	7,33
Artes e Humanidades II	6,90	4,57	12,00	9,83
Ciencias da Saúde	1,50	0,00	0,00	0,00
Científica	5,25	5,60	7,25	12,50
Tecnolóxica	13,00	5,95	1,00	5,00
Xurídico-Social	11,44	11,36	10,82	8,59
Xurídico-Social I	12,63	7,50	6,00	6,00
Xurídico-Social II	12,00	9,33	10,67	12,71
Xurídico-Social III	11,92	12,70	15,44	7,86
Xurídico-Social IV	9,70	9,38	4,75	6,63

10.4.1.3 Tempo de procura de emprego segundo os estudos de grao

O número de titulacións de grao con persoas á procura de emprego na altura de responder a enquisa experimentou a seguinte evolución no período avaliado: 20 en 39 titulacións no curso 2018/2019, 22 en 42 no curso 2019/2020, 15 en 41 no curso 2020/2021 e 26 en 42 no curso 2021/2022.

Cadro nº 459. Evolución do tempo de procura de emprego segundo os estudos de grao

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Administración e Dirección de Empresas	13,14	7,50	-	6,00
Belas Artes	13,38	9,86	6,00	7,33
Bioloxía	3,50	5,33	3,50	5,50
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	-	-	-	3,00
Ciencias Ambientais	1,00	-	10,00	25,00
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	12,00	-	-	4,67
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	12,25	7,50	12,00	8,00
Ciencias do Mar	2,67	6,60	-	18,00
Comercio	-	-	6,00	
Comunicación Audiovisual	12,50	8,00	3,50	4,83
Dereito		3,00	4,00	4,33
Dirección e Xestión Pública	-	-	-	24,00
Economía	9,00	-	-	1,00
Educación Infantil	30,00	16,09	16,14	14,13
Educación Primaria	9,00	15,92	13,00	4,50
Educación Social	9,67	6,29	-	5,67
Enfermaría	1,50	-	-	
Enxeñaría da Enerxía	-	-	2,00	2,00
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	-	3,00	-	
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	-	18,50	-	
Enxeñaría en Química Industrial	13,00	3,00	-	
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	-	3,33	-	
Enxeñaría Eléctrica	-	-	-	6,00
Enxeñaría Forestal	-	-	-	3,00
Enxeñaría Mecánica	-	2,17	-	12,00
Linguas Estranxeiras	-	2,00	-	9,00
PCEO Administración e Dirección de Empresas/Dereito	-	-	-	10,50
Publicidade e Relacións Públicas	9,17	1,75	6,83	12,00
Química	9,00	6,00	12,00	16,00
Relacións Laborais e Recursos Humanos	12,00	12,50	14,00	21,00
Traballo Social	4,00	1,00	-	7,50
Tradución e Interpretación	3,33	3,75	12,00	11,33
Turismo	8,50	35,00	1,00	-
Xeografía e Historia	22,00	-	-	-

10.4.2 Tempo en atopar emprego

Considerando cero meses o tempo en arranxar emprego das persoas graduadas que xa traballaban ao finalizar os estudos de grao, o tempo medio (en meses) transcorrido desde a graduación na UVigo até atopar emprego diminuíu no período avaliado, pasando dun máximo de 6,83 meses nos graduados/as no curso 2018/2019 ao mínimo de 5,33 meses no curso 2020/2021 e 5,39 meses no curso 2021/2022.

Cadro nº 460. Evolución do tempo en atopar emprego

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Xa traballaba antes	25,5	32,4	31,1	28,6
Menos de 1 mes	10,0	2,0	3,6	2,7
Entre 1-3 meses	21,9	23,1	25,2	26,2
Entre 3-6 meses	10,6	12,0	11,0	13,0
Entre 6-12 meses	10,6	13,3	13,6	16,6
Entre 1-2 anos	15,9	15,7	14,6	12,2
Máis de 2 anos	5,4	1,4	1,0	0,7
Tempo medio (meses)	6,83	5,94	5,33	5,39

10.4.2.1 Tempo en atopar emprego segundo o sexo

No curso 2021/2022, a diferenza de los anteriores, a redución do tempo requirido para arranxar empleo nos graduados/as non se produciu nas graduadas.

Cadro nº 461. Evolución do tempo en atopar emprego segundo o sexo

	Home	Muller
2018/2019	6,01	7,26
2019/2020	5,14	6,49
2020/2021	4,62	5,89
2021/2022	4,44	6,08

10.4.2.2 Tempo de atopar emprego segundo a rama de coñecemento

Experimentaron unha redución continauda do tempo en arranxar emprego os graduados/as en Artes e Humanidades II (de 10,53 a 7,03 meses), Científico (de 10,62 a 7,60 meses), Xurídico-Social I (de 6,39 a 4,32 meses) e III (de 8,41 a 5,67 meses). Polo contrario, produciuse unha quebra desa tendencia na Xurídico-Social IV, duplicando no curso 2021/2022 o tempo rexistrado no anterior.

Cadro nº 462. Evolución do tempo en atopar emprego segundo a rama de coñecemento

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Artes e Humanidades	11,59	8,03	8,88	6,60
Artes e Humanidades I	13,14	6,15	10,57	5,84
Artes e Humanidades II	10,53	9,28	7,70	7,03
Ciencias da Saúde	1,45	2,25	0,77	1,54
Científico	10,62	9,51	8,54	7,60
Tecnolóxico	3,19	5,21	4,40	4,40
Xurídico-Social	7,65	6,01	5,59	6,03
Xurídico-Social I	6,39	4,96	4,63	4,32
Xurídico-Social II	6,53	4,78	6,60	7,17
Xurídico-Social III	8,41	6,89	5,98	5,67
Xurídico-Social IV	8,01	6,09	5,50	10,06

10.4.2.3 Tempo de atopar emprego segundo os estudos de grao

O Cadro nº463 mostra, por titulacións, a evolución do tempo en arranxar emprego das persoas graduadas da UVigo en estudos de grao entre os cursos 2018/2019 e 2021/2022.

Cadro nº 463. Evolución do tempo en atopar emprego segundo os estudos de grao

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Administración e Dirección de Empresas	4,97	4,95	3,79	5,21
Belas Artes	15,68	6,17	9,20	6,88
Bioloxía	11,16	9,75	5,57	10,18
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	7,13	11,14	9,75	3,14
Ciencias Ambientais	17,00	10,00	7,25	8,00
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	6,06	3,82	1,60	7,43
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	16,00	4,00	10,40	12,00
Ciencias do Mar	8,33	10,54	7,80	12,33
Comercio	10,50	3,60	1,88	2,50
Comunicación Audiovisual	8,25	7,93	5,57	10,25
Dereito	8,00	8,00	2,44	11,44
Dirección e Xestión Pública	7,22	1,43	14,50	8,00
Economía	9,20	7,33	12,20	4,43
Educación Infantil	9,72	8,68	5,64	5,97
Educación Primaria	8,81	6,93	8,42	5,06
Educación Social	6,87	5,94	4,33	3,75
Enfermaría	1,06	2,13	0,69	0,91
Enxeñaría Aeroespacial	-	11,00	5,67	9,60
Enxeñaría Agraria	1,90	6,00	8,00	1,50
Enxeñaría Biomédica	-	-	-	6,00
Enxeñaría da Enerxía	11,75	4,85	3,69	1,71
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	1,85	3,24	4,89	3,04
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	13,00	9,60	9,00	1,00
Enxeñaría Eléctrica	0,36	3,50	2,33	0,00
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	2,69	5,42	8,11	7,80
Enxeñaría en Organización Industrial	2,45	2,14	1,29	2,60
Enxeñaría en Química Industrial	2,80	4,75	3,33	1,50
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	9,67	15,60	6,89	1,00
Enxeñaría Forestal	1,75	4,40	4,83	2,33
Enxeñaría Informática	1,68	2,29	1,00	4,88
Enxeñaría Mecánica	2,00	4,00	3,20	2,62
Estudos de Galego e Español	-	6,00	-	-
Fisioterapia	2,21	2,63	0,91	2,83
Linguas Estranxeiras	10,21	9,50	15,00	8,67
PCEO ADE/Dereito	2,50	6,27	15,00	2,38
PCEO ADE/ Enxeñaría Informática	-	1,00	s/e	1,50
Publicidade e Relacións Públicas	8,80	5,82	4,86	8,63
Química	9,70	6,92	12,67	4,00
Relacións Laborais e Recursos Humanos	7,14	3,85	3,00	4,50
Traballo Social	8,12	6,48	7,33	6,32
Tradución e Interpretación	8,53	10,18	6,21	5,91
Turismo	3,92	3,90	7,33	20,00
Xeografía e Historia	4,50	6,00	14,00	0,33

10.5 Emprego actual

Este apartado compara as características do posto de traballo na altura de responder a enquisa no tocante a variábeis como o lugar do traballo, modalidade de contratación, tipo de contrato, categoría profesional e ingresos.

10.5.1 Lugar do traballo

O Cadro nº464 mostra a evolución do lugar de traballo das persoas tituladas nos estudos de inserción laboral realizados polo Observatorio a partir do curso 2018/2019. No curso 2021/2022 quebrouse a tendencia continuamente decrecente de graduados/as que traballa en Galicia a custa da redución case á metade da emigración ao estranxeiro.

Cadro nº 464. Evolución do lugar do traballo

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Galicia	83,2	79,6	76,6	77,9
Outra comunidade autónoma	12,0	15,0	16,8	18,3
Resto do mundo	4,8	5,4	6,6	3,8

10.5.1.1 Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento

O aumento no curso 2021/2022 de Galicia como lugar de traballo a respecto do anterior foi máis significativo entre as persoas graduadas nas ramas Científica (de 75,0% a 85,3%), Xurídico-Social IV (de 69,6% a 78,6%) e II (de 83,3% a 90,0%). Polo contrario, diminuíu notabelmente en Artes e Humanidades II (de 83,3% a 69,0%) e en Ciencias da Saúde (de 83,3% a 75,0%)

Cadro nº 465. Evolución do traballo en Galicia segundo a rama de coñecemento

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Artes e Humanidades	77,5	62,2	84,0	73,8
Artes e Humanidades I	76,5	76,9	85,7	84,6
Artes e Humanidades II	78,3	54,2	83,3	69,0
Ciencias da Saúde	96,9	80,0	83,3	75,0
Científico	78,0	83,3	75,0	85,3
Tecnolóxico	75,0	73,8	72,2	71,8
Xurídico-Social	88,9	85,8	76,9	83,2
Xurídico-Social I	81,6	86,3	72,0	77,8
Xurídico-Social II	76,9	90,5	83,3	90,0
Xurídico-Social III	98,7	87,4	81,8	85,1
Xurídico-Social IV	84,2	76,7	69,6	78,6

10.5.1.2 Lugar do traballo segundo os estudos de grao

O Cadro nº466 mostra, por titulacións, a evolución do lugar do traballo das persoas graduadas da UVigo entre os cursos 2018/2019 e 2021/2022.

Cadro nº 466. Evolución do traballo en Galicia segundo os estudos de grao

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Administración e Dirección de Empresas	81,5	88,6	81,3	76,5
Belas Artes	75,0	75,0	80,0	80,0
Bioloxía	85,7	88,9	80,0	77,8
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	100,0	50,0	100,0	100,0
Ciencias Ambientais	75,0	100,0	75,0	87,5
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	100,0	61,1	66,7	83,3
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	100,0	100,0	100,0	100,0
Ciencias do Mar	50,0	70,0	33,3	66,7

Comercio	100,0	100,0	75,0	66,7
Comunicación Audiovisual	63,6	76,9	66,7	71,4
Dereito	60,0	100,0	71,4	77,8
Dirección e Xestión Pública	75,0	83,3	100,0	100,0
Economía	50,0	62,5	40,0	100,0
Educación Infantil	100,0	93,9	100,0	78,3
Educación Primaria	100,0	89,3	63,6	92,3
Educación Social	94,1	92,3	100,0	80,0
Enfermaría	95,5	76,5	84,2	64,0
Enxeñaría Aeroespacial	-	20,0	0,0	25,0
Enxeñaría Agraria	100,0	80,0	100,0	100,0
Enxeñaría Biomédica	-	-	-	66,7
Enxeñaría da Enerxía	66,7	69,2	62,5	85,7
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	69,0	72,0	70,0	83,3
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	100,0	100,0	33,3	75,0
Enxeñaría Eléctrica	57,1	100,0	77,8	50,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	86,7	80,0	77,8	58,3
Enxeñaría en Organización Industrial	81,8	80,0	71,4	40,0
Enxeñaría en Química Industrial	80,0	66,7	100,0	100,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	81,8	81,8	80,0	100,0
Enxeñaría Forestal	66,7	88,9	85,7	100,0
Enxeñaría Informática	61,5	85,7	50,0	87,5
Enxeñaría Mecánica	77,8	75,9	81,8	94,4
Estudos de Galego e Español	-	0,0	-	-
Fisioterapia	100,0	90,9	81,8	100,0
Linguas Estranxeiras	71,4	0,0	66,7	77,8
PCEO ADE/Dereito	85,7	62,5	100,0	75,0
PCEO ADE/Enxeñaría Informática	-	50,0	s/e	100,0
Publicidade e Relacións Públicas	90,9	75,0	66,7	83,3
Química	80,0	100,0	100,0	100,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	83,3	100,0	100,0	100,0
Traballo Social	100,0	100,0	77,8	93,3
Tradución e Interpretación	75,0	66,7	81,8	61,1
Turismo	100,0	80,0	80,0	100,0
Xeografía e Historia	80,0	100,0	100,0	100,0

10.5.2 Modalidade de contratación

Segundo mostra o Cadro nº467, no curso 2021/2022 produciuse un aumento na porcentaxe de persoas graduadas que traballan por conta propia até atinxir as proporcións da secuencia avaliada quebradas na promoción anterior.

Cadro nº 467. Evolución da modalidade de contratación

	Conta allea	Conta propia
2018/2019	95,4	4,6
2019/2020	95,2	4,8
2020/2021	97,4	2,6
2021/2022	95,4	4,6

10.5.2.1 Modalidade de contratación segundo o sexo

No curso 2021/2022 quebrou a tendencia decrecente de mulleres empregadas por conta propia, atinxindo o máximo da secuencia avaliada (6,4%).

Cadro nº 468. Evolución do traballo por conta propia segundo o sexo

	Conta propia home	Conta propia muller
2018/2019	3,3	5,3
2019/2020	4,9	4,8
2020/2021	3,1	2,2
2021/2022	2,4	6,4

10.5.2.2 Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo

A proporción de persoas en réxime de traballo por conta propia aumentou en Galicia até atinxir rexistros semellantes aos cursos 2018/2019 e 2019/2020, baixou noutras comunidades até o mínimo de 1,5% e continua sen rexistrarse no estranxeiro.

Cadro nº 469. Evolución do traballo por conta propia segundo lugar do traballo

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Galicia	4,9	4,9	2,5	5,3
Outra comunidade autónoma	2,0	3,8	4,3	1,5
Resto do mundo	5,0	7,1	0,0	0,0

10.5.2.3 Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento

O Cadro nº470 mostra, por rama de coñecemento, a evolución experimentada polas persoas graduadas que traballan por conta propia no período avaliado.

Cadro nº 470. Evolución do traballo por conta propia segundo a rama de coñecemento

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Artes e Humanidades	10,0	19,4	4,2	23,3
Artes e Humanidades I	0,0	0,0	0,0	40,0
Artes e Humanidades II	17,4	29,2	5,9	14,3
Ciencias da Saúde	3,2	0,0	3,6	2,8
Científico	2,4	2,4	4,2	0,0
Tecnolóxico	0,8	1,7	0,0	0,9
Xurídico-Social	6,7	6,3	3,9	3,6
Xurídico-Social I	5,3	2,0	4,0	0,0
Xurídico-Social II	11,5	7,0	9,1	4,8
Xurídico-Social III	7,7	5,9	2,3	4,4
Xurídico-Social IV	2,6	11,6	4,3	8,3

10.5.2.4 Modalidade de contratación segundo os estudos de grao

No curso 2021/2022 rexistrouse pola primeira vez traballo por conta propia en Belas Artes (41,7%), Enxeñaría Aeroespacial (5,0%), Linguas Estranxeiras (11,1%) e en Xeografía e Historia (33,3%), extinguíndose este réxime de traballo en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Ciencias do Mar, Dereito e en Economía.

Cadro nº 471. Evolución do traballo por conta propia segundo os estudos de grao

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Administración e Dirección de Empresas	7,4	2,9	0,0	0,0
Belas Artes	0,0	0,0	0,0	41,7
Bioloxía	7,1	0,0	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,0	0,0	0,0	0,0
Ciencias Ambientais	0,0	14,3	0,0	0,0
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	16,7	16,7	20,0	0,0
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	0,0	0,0	0,0	0,0

Ciencias do Mar	0,0	0,0	16,7	0,0
Comercio	0,0	0,0	0,0	0,0
Comunicación Audiovisual	9,1	15,4	33,3	20,0
Dereito	40,0	0,0	16,7	0,0
Dirección e Xestión Pública	0,0	16,7	0,0	33,3
Economía	0,0	0,0	20,0	0,0
Educación Infantil	8,7	0,0	0,0	12,5
Educación Primaria	4,2	3,6	0,0	0,0
Educación Social	5,9	7,7	0,0	0,0
Enfermaría	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría Aeroespacial	-	0,0	0,0	5,0
Enxeñaría Agraria	0,0	20,0	0,0	0,0
Enxeñaría Biomédica	-	-	-	0,0
Enxeñaría da Enerxía	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría Eléctrica	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría en Organización Industrial	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría en Química Industrial	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría Forestal	0,0	11,1	0,0	0,0
Enxeñaría Informática	0,0	4,8	0,0	0,0
Enxeñaría Mecánica	5,6	0,0	0,0	0,0
Estudos de Galego e Español	-	0,0	-	-
Fisioterapia	10,0	0,0	9,1	9,1
Linguas Estranxeiras	0,0	0,0	0,0	11,1
PCEO ADE/Enxeñaría Informática	-	0,0	s/e	0,0
PCEO ADE/Dereito	14,3	0,0	0,0	0,0
Publicidade e Relacións Públicas	0,0	15,0	0,0	0,0
Química	0,0	0,0	0,0	0,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	0,0	10,0	0,0	0,0
Traballo Social	12,5	9,1	0,0	0,0
Tradución e Interpretación	33,3	38,9	9,1	16,7
Turismo	0,0	0,0	0,0	0,0
Xeografía e Historia	0,0	0,0	0,0	33,3

10.5.3 Tipo de contrato

No curso 2021/2022 produciuse unha diminución de 62,3% a 58,7% de persoas empregadas por conta allea que gozan de estabilidade laboral[60], aumentando de 37,3% a 41,7% as afectadas pola eventualidade laboral[61].

Cadro nº 472. Evolución do tipo de contrato

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Bolsa	4,4	5,3	7,3	4,8
En prácticas	7,2	9,3	6,1	5,7
Indefinido	46,5	59,2	62,3	58,7
Por obra/servizo	14,1	6,6	2,0	2,2
Temporal/eventual	27,7	19,6	21,9	28,3

[60] Persoas tituladas contratadas por duración indefinida.
[61] Persoas tituladas contratadas por contrato definido (bolsa, en prácticas, eventual/temporal e por obra ou servizo).

10.5.3.1 Tipo de contrato segundo o sexo

A diminución da estabilidade profesional producida no curso 2021/2022 foi debida á queda experimentada por homes, manténdose constante a feminina.

Cadro nº 473. Evolución da estabilidade laboral segundo o sexo

	Home	Muller
2018/2019	52,2	42,8
2019/2020	58,9	59,4
2020/2021	71,1	54,0
2021/2022	64,2	53,9

10.5.3.2 Tipo de contrato segundo o lugar do traballo

Salvo no estranxeiro, a diminución da estabilidade laboral produciuse tanto en Galicia como noutras comunidades autónomas.

Cadro nº 474. Evolución da estabilidade laboral segundo o lugar de traballo

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Galicia	44,4	60,2	63,2	59,7
Outra comunidade autónoma	55,6	58,6	60,5	55,9
Resto do mundo	66,7	50,0	58,5	58,3

10.5.3.3 Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento

A estabilidade profesional caiu nas persoas graduadas en estudos da rama Xurídico-Social IV e III, Tecnolóxica e en Artes e Humanidades II. Polo contrario, aumentou en Artes e Humanidades I, Ciencias da Saúde, Científica, Xurídico-Social I e II. Apesar destes incrementos a maioría de graduados/as nas ramas Científica e en Ciencias da Saúde continúa afectada pola eventualidade laboral.

Cadro nº 475. Evolución da estabilidade laboral segundo a rama de coñecemento

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Artes e Humanidades	31,4	51,9	63,2	53,3
Artes e Humanidades I	25,0	54,5	40,0	55,6
Artes e Humanidades II	36,8	50,0	71,4	52,4
Ciencias da Saúde	46,7	41,3	30,0	42,4
Científico	36,4	46,9	38,9	48,5
Tecnolóxico	58,5	64,3	77,0	69,3
Xurídico-Social	42,8	62,0	63,4	58,5
Xurídico-Social I	51,5	69,4	60,9	72,2
Xurídico-Social II	61,9	68,4	50,0	70,0
Xurídico-Social III	31,6	50,7	68,4	49,1
Xurídico-Social IV	41,2	68,6	63,6	33,3

10.5.3.4 Tipo de contrato segundo os estudos de grao

O crecemento da estabilidade laboral foi maior en Ciencias do Mar (1666,8%), PCEO Administración e Dirección de Empresas/Dereito (133,6%), Belas Artes (128,4%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Enxeñaría Agraria e en Química (100,0% cada unha), Ciencias Ambientais (71,5%) e en Fisioterapia (66,7%) contra a súa baixada en até a extinción en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios e en Enxeñaría en Química Industrial, ben como en Traballo Social (73,3%), Bioloxía (60,0%), Comunicación Audiovisual e en Xeografía e Historia (50,0% ambas).

Cadro nº 476. Evolución da estabilidade laboral segundo os estudos de grao

	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Administración e Dirección de Empresas	56,5	75,8	53,3	66,7
Belas Artes	27,3	60,0	25,0	57,1
Bioloxía	25,0	33,3	50,0	20,0
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	100,0	60,0	66,7	66,7
Ciencias Ambientais	33,3	33,3	33,3	57,1
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	25,0	61,5	50,0	100,0
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	0,0		66,7	0,0
Ciencias do Mar	33,3	57,1	25,0	66,7
Comercio	42,9	75,0	100,0	100,0
Comunicación Audiovisual	22,2	33,3	50,0	25,0
Dereito	0,0	50,0	60,0	33,3
Dirección e Xestión Pública	50,0	100,0	100,0	100,0
Economía	33,3	37,5	50,0	60,0
Educación Infantil	40,0	52,6	50,0	64,3
Educación Primaria	33,3	57,9	80,0	50,0
Educación Social	31,3	40,0	44,4	40,0
Enfermaría	28,6	28,6	15,0	20,8
Enxeñaría Aeroespacial		71,4	50,0	44,4
Enxeñaría Agraria	0,0	66,7	50,0	100,0
Enxeñaría Biomédica	-	-	-	66,7
